

Cerna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA
E MEIO AMBIENTE



Verán 2000

Número 30

450 Ptas.

**Parque Nacional das
Illas Atlánticas**

A Costa de Dexo

Rede Natura 2000

**Entrevista:
Miguel A. Fdez. Lores**

**Castelao e o
medio ambiente**

**Árvores:
A cerdeira**



Tamén

DEPENDE DE TI



*Plan de tratamiento
de residuos sólidos
urbanos de A Coruña*



Na natureza os residuos son aproveitados nun ciclo permanente de produción e reciclado.

Imitar á natureza para acadar que as novas xeracións disfruten dun planeta e unha cidade en equilibrio ecolóxico tamén depende de ti. Para iso necesitamos a túa colaboración: separa o lixo na túa casa e deposítalo nos contedores correspondentes.

Coa a túa axuda, na Coruña, daremos un novo valor a todo o que che sobra.



Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña



TELÉFONO VERDE
981 22 22 26

 **Albada**

4 O TEU BUZÓN EDITORIAL

5 ACTUALIDADE AUGA:

REUNIÓN DE COAGRET
EN CALDAS DE REIS
TRANSXÉNICOS
PARQUES EÓLICOS NAS
SERRAS DO CANDÁN
E TESTEIRO

12 ÁRVORES PRODUTIVAS A CERDEIRA BRAVA XACOB FEIJOO LAMAS

14 CONSERVACIÓN A REDE NATURA 2000 CARLOS VALES

17 POLÍTICA CONSERVACIONISTA DA XUNTA ADEGA/FEG

18 A COSTA DE DEXO E O SEIXO BRANCO O SEU INTERESE COMO MONUMENTO NATURAL EMILIO GRAÑA MOSQUERA, AURELIO PRADO RGUEZ, LUIS GARRIDO OJÉN

22 PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS O INTERESE BIOLÓXICO DESTA FUTURO PARQUE: A FLORA E A VEXETACIÓN SANTIAGO ORTÍZ

27 A NATUREZA NA LITERATURA ELEMENTOS ECOLÓXICOS NA OBRA DO "IRMÁN DANIEL" (I) EMILIO XOSÉ ÍNSUA

30 ENTREVISTA MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES ALCALDE DE PONTEVEDRA

32 ACTIVIDADES

33 PUBLICACIÓNS

34 ENCRUCILLADO

CONSERVACIÓN



A política de conservación en Galiza está caracterizada pola precariedade: menos do 1% do territorio protexido e, ademais, os poucos Parques Naturais existentes semellan ter sido elixidos ao chou, sen criterio definido. Neste contexto, a proposta de espazos naturais para a Rede Natura da Unión Europea podería ser o primeiro paso de importancia, xa que a superficie a protexer multiplicaríase por dez. Trata-se, en todo caso, dun feito ensombrecido pola realidade, xa que moitos destes espazos están sendo deteriorados na actualidade, ou mesmo destruídos, por instalacións eólicas ou hidráulicas, fundamentalmente.

Neste número presentamos unha análise da importancia e alcance desta proposta, e abordamos tamén o interese biolóxico do futuro Parque Nacional das Illas Atlánticas, e os valores da Costa de Dexo, esta xa declarada Monumento Natural.

CASTELAO



No cincuenta cabodano da morte no exilio de Daniel Rodríguez Castelao, pretendemos contribuír a divulgar o coñecemento da súa figura e deixar patente como a dimensión ecoloxista e a ollada amante sobre a natureza tamén estiveron presentes na vida e na obra deste persoeiro tan decisivo e exemplar da nosa historia contemporánea. Neste número a primeira entrega: unha reseña biográfica.

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Silvia Amor, Xan Carmona, Elvira Cienfuegos, Emilio Ínsua, Daniel L. Vispo,
Santiago Ortiz, Xesús Pereiras, Pepe Salvadores, Manuel Soto.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Verán - 2000

Tanto en artigos como noutras colaboracións, reséptase a normativa lingüística do autor. CERNÁ non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, exceptuando as fotografías de portada e contra portada, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNÁ edita-se en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuír á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

FOTOGRAFÍA DA CAPA
Ramiro Recousó

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA
Pepe Salvadores

DESEÑO
Xan G. Muras

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN
Grafínova, S. A.

Depósito Legal: C-913-1986
ISSN: 1136-2677

ECOLOXÍA E SENSIBILIDADE XUDICIAL

En CALDAS: membros da Coordinadora anti-encoro son xulgados por defender-se fronte á ocupación **ilegal** das suas fincas, mentras o Sr. DIZ GUEDES, denunciado por protexer a ocupación ilegal de ditas fincas, **FUXE** da XUSTIZA adquirindo o rango de Conselleiro sen carteira na última remodelación do Goberno de Fraga.

En LUGO: membros de ADEGA son xulgados en CASTROVERDE (LUGO) por opor-se ao derrube dun mazo de auga nas beiras do Azúmara en Montecubeiro (Castroverde) e para o que se tiña iniciado expediente de protección ante a Dirección Xeral de Patrimonio. Mentras tanto, a mesma Administración de Xustiza, sobresee unha denuncia presentada polo pro-

pietário do mazo e por ADEGA contra a Diputación Provincial por derrubar dito mazo en contra dun auto do Tribunal Superior de Xustiza que ordenava a paralización cautelar das obras.

En CORME: a empresa EUROVENTO téñen protección da Garda Civil para ocupar fincas sen expropiar para o seu negocio eólico. Mentras os veciños afectados ou ceden por pusilanimidade ou teñen que tomar a xustiza pola man levantando os camiños ilegalmente ocupados pola empresa.

No XISTRAL: uns estudos de Impacto Ambiental por encargo e manifestamente ilegais permiten ás empresas eólicas, -co consentimento da Consellería de Meio Ambiente-, a

destrución das máis importantes turbeiras de cobertor de Europa. Os ecoloxistas temos que recurrir ao Contencioso-Administrativo sen que, siquera, se conceda a paralización cautelar das obras.

Na MARIÑA (LUGO): na mesma praia das Catedrais, -proposta para formar parte da Rede Natura 2000 da Unión Europea-, poden os amigos do Goberno Municipal levantar un Restaurante co seu correspondente aparcamento sen necesitar estudo de impacto ambiental e cunha licéncia municipal totalmente irregular. Os demais non podemos siquera acampar ao ar libre.

DANIEL VISPO (LUGO)

IMPEDIR A BARBARIE DE QUE REMATEN COA RIA DE FERROL

O problema que temos aquí en mugardos é unha empresa chamada Forestal do Atlántico, que fabrica colas e laminados. Pero iso non é todo, o peor é que queren tamen poñernos dentro da ría unha planta de almacenamento de gas, e nun futuro non moi lonxano outra petro-química,

e sabe deus que contos e lérias mais.

Estamos a formar unha asociación, xa que co Concello non podemos contar: son só simples lacaios da empresa Forestal do Atlántico, posto que os untan de cartos, e con isto todo parece fonzonarlles ben.

Moitas cousas mais que podería

contarvos, pero por agora penso que xa abonda. Pedimos consellos e toda a axuda posible para impedir a barbarie de que rematen coa ría. Graciñas, e unha forte aperta para todos vós, que sei que estades a traballar moito e ben.

UN VECIÑO DO

CONCELLO DE MUGARDOS

EDITORIAL

En xaneiro pasado aprobouse a nivel do Estado un plano de xestión dos residuos sólidos urbanos que deixa o proxecto SOGAMA en xaque. En abril, os alcaldes das cidades arrincaban da Xunta a modificación do convenio con Ecoembes e o compromiso de non entorpecer a negociación de financiamento para planos alternativos ante o Estado e a UE. En xuño, o novo ministro do ambiente afirmaba que a incineración non é a solución, e que hai que optar pola reciclaxe e a compostaxe intensivas. Estes feitos, sumados ao resultado das eleccións municipais de hai un ano, poderían levar a conclusión de que as bases para unha política ecolóxica na xestión do lixo xa están postas, e que se trata simplemente de estar atentos e dar o tempo necesario para que todo isto fructifique.

Porén, na realidade resulta difícil afirmar se estamos en mellor situación hoxe ou hai dous anos. A parálise semella ser a tónica dos novos gobernos municipais, que, levando agotado un tercio do seu mandato, non teñen aínda encarreirada unha solución alternativa. Podemos celebrar a decisión dos concellos da bisbarra coruñesa de aderir-se ao plano de A Coruña, pero pouco podemos dicir do que van facer as

outras cinco cidades.

A modificación do convenio con Ecoembes só ten sentido cando se quer facer unha xestión do lixo que contemple realmente a reciclaxe e a compostaxe. As dúas actuacións sobre a mesa, dúas plantas piloto de compostaxe en Pontevedra e Vigo, non abundan: a compostaxe como solución ao problema do lixo non necesita de experimentos piloto, senon de decisións políticas e administrativas que a viabilicen. Se falla algún elemento, este non pode ser outro que a inmadurez política dos socios de goberno; se finalmente non se resolve isto, a sociedade exixirá responsabilidades políticas.

Xa a mediados dos noventa, os enquéritos mostraban que mais do oitenta por cento da poboación era partidaria da reciclaxe e da compostaxe, e contraria a incineración. Porén, os intereses do quilovátio semellan poder gañar a partida cando democraticamente ian perdendo por oito a dous. O ecoloxismo, por tanto, terá que seguir traballando, non só para manter esa diferenza, senon para eleva-la até nove a un, ou mais. E esta loita contra o quilovátio terá que ampliar-se á defensa dos montes e paisaxes, dos ríos e rías da auga e dos ecosistemas que non resistirán outra década de agresións.

CONCLUSIÓNS DA REUNIÓN DE COAGRET EN CALDAS DE REIS

A COORDINADORA ESTATAL DE AFECTADOS POR GRANDES ENCOROS E TRASVASES (COAGRET) TIVO A SUA ASEMBLEA ANUAL O PASADO 17 DE XUÑO EN CALDAS DE REIS, DESPOIS DE PARTICIPAR POLA MAÑÁ DO MESMO DÍA NA XORNADA CIENTÍFICA SOBRE A AUGA E OS RÍOS CELEBRADA NA FACULTADE DE QUÍMICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO. O 18 DE XUÑO, MEMBROS DE COAGRET VISITARON AS OBRAS DO ENCORO DO ÚMIA E ELABORARON UN DOCUMENTO NO QUE REFLEXAN A SUA TOTAL OPOSICIÓN A ESTE ENCORO, E ALENTAN NOVAS ACCIÓNS QUE FINALMENTE EVITEN O ASULAGAMENTO DAS TERRAS. HOXE AS OBRAS ATOPAN-SE PARALISADAS E OS VICIÑOS E VICIÑAS DO ÚMIA VIXIAN QUE NON SE INUNDEN AS TERRAS.



Fotografía: Coordinadora Anti-Encoro do Umiá.

As conclusións da reunión de COAGRET, en cuxa literalidade reproducimos a continuación, están asinadas por Pedro Arrojo, presidente do Congreso Ibérico de Planificación e Gestom de Águas e Profesor Titular de Economía da Universidade de Zaragoza, Javier Martínez Gil, Catedrático de Hidrogeoloxía da Universidade de Zaragoza, e José Manuel Nicolau, Profesor do Dpto de Ecoloxía da Facultade de Ciencias da Universidade de Alcalá de Henares.

CONCLUSIÓNS

Primeira: A presa do río Umiá representa un dos mais graves atentados ecolóxicos e en materia hidráulica dos que se teñen dado no Estado Español nestes últimos anos, na medida en que implica a ruptura do sistema hidrolóxico global dun dos poucos ríos importantes que manteñen o seu curso continuo dende o nacemento o mar, libre de intervencións e sen regulación de ningún tipo. Este atentado e particularmente grave no contexto europeo dado que estamos en vísperas da aprobación da Directiva Marco de Augas que prevee, -entre os seus principais obxectivos-, a preservación e recuperación, se é o caso, do estado ecolóxico natural dos ríos.

Segunda: Denunciar enérxicamente o fraude de ter vendido ante a opinión pública un encoro para abastecemento da poboación do SALNÉS, cando tal abastecemento, -amáis de ter outras alternativas-, nin é necesario, nin está xustificado, nin nunca se materializou nun proxecto concreto, realizándose, no seu lugar, un aproveitamento hidroeléctrico que, ao día

de hoxe, téñen xa colocadas as súas dúas turbinas. Cando esta produción eléctrica non aparece xustificada polas necesidades nin da demanda actual, nin da futura, non pode aceptarse que se declare de utilidade pública o que non é mais que un lucrativo negocio privado.

Terceira: Expresar a máis enérxica indignación polo feito de que a tramitación e as obras realizadas teñan transgredido a legalidade vixente e os dereitos humanos máis elementais: a ocupación de terras non expropiadas, a violencia exercida polas forzas de seguridade sobre os veciños afectados ou as denuncias e xuicios utilizados para atemorizar aos membros da coordinadora resultan totalmente inaceptábeis en calquer Estado de Dereito. Moi en particular resulta escandaloso no contexto da Unión Europea que se teña permitido a tramitación do proxecto cun estudo de impacto ambiental plaxiado doutro realizado para a provincia de Huelva, sen sequera ter posto o cuidado de cambiar a toponimia e de incluír especies presentes no Umiá ameazadas de extinción (como a lontra e o cangrexo de río), mentras, pola contra, menciona unha flora e unha fauna que nada teñen que ver coa da zona afectada pola presa.

Cuarta: Por parte dos expertos en seguridade hidrolóxica expresar a preocupación polo perigo que poden representar as subidas repentinas do caudal (en función das necesidades de turbinar) nun río moi frecuentemente utilizado por todos os veciños de Caldas como lugar de ocio. Asimesmo, -e á vista da visita realizada á presa e á zona afectada polo encoro e do informe elaborado por profesores da Universidade de Vigo-, renovar, por parte

dos expertos en seguridade xeolóxica, unha chamada de atención sobre os riscos sempre presentes que pode ofrecer unha presa de 6 hectómetros cúbicos de capacidade, ubicada a pouco máis de un kilómetro da vila de Caldas (de case 10.000 habitantes) ante calquer posíbel accidente que poidera afectar á propia presa.

Quinta: Á vista de todo o dito acordan en primeiro lugar trasladar estas conclusións, -e a correspondente queixa-, ante a presidenta da Comisión de Meio Ambiente do Parlamento Europeo, -dona Caroline Jackson-, coa que está previsto un próximo encontro para o luns, 19 de Xuño, en Bruxelas. Acordan tamén promover ante a Unión Europea a demanda de que o río Umiá sexa incluído na súa integridade como lugar de interese comunitario (LIC) na rede de espacios naturais da Unión Europea, Rede Natura 2000. Por último, acordan colaborar coa Coordinadora Anti-encoro e cos demais grupos sensibilizados de Galiza tanto na denuncia a nivel ibérico deste atentado ecolóxico como da súa difusión entre a comunidade científica. A este respecto propónse a celebración dun Simposium sobre a importancia dos ríos no seu estado natural e sobre os distintos impactos deste encoro sobre o río Umiá, Simposium ao que se invitaría a expertos en bioloxía, ecoloxía fluvial e de estuarios e costas, a expertos en hidroloxía, hidroxeoloxía e riscos xeolóxicos, en economía, en socioloxía, en antropoloxía, en dereito, etc. das distintas Universidades do Estado e tamén a representantes da Unión Europea, a título de observadores.

TRANSXÉNICOS: HOXE, UNHA DE CAL E OUTRA DE AREA. ¿E MAÑÁ...?


ELVIRA CIENFUEGOS

Por fin chegouse a un principio de acordo en materia de Bioseguridade (xaneiro 2000): os países poderán rexeitar a importación de transxénicos en base a dúbidas sobre a súa seguridade. En troques, o etiquetado non terá que especificar o tipo de modificación xenética incorporada.

A metade da produción da soxa e do algodón e a terceira parte da do millo en Estados Unidos proceden de plantas modificadas xeneticamente. Pero sindicatos agrarios estadounidenses manifestaron a súa preocupación polas consecuencias que para os cultivadores podía acarrear a posibilidade de que se evidenciaran efectos negativos dos transxénicos e varios gabinetes británicos e estadounidenses traballan nunha demanda colectiva contra as multinacionais produtoras da maioría das semillas transxénicas.

As multinacionais amosaron unha forte e activa resistencia a que os alimentos transxénicos se etiquetaran como tales. Pero Europa aprobou no ano 97 normas de etiquetado obrigatorio, que viñeron a mellorarse en abril deste ano, aunque aínda se contemple a omisión da indicación «modificado xeneticamente» cando exista destes produtos unha cantidade nos ingredientes igual ou menor do 1%.

Parecía que os produtores de sementes transxénicas tiñan gañada a batalla de que os alimentos procedentes de plantas non modificadas xeneticamente puidesen facer mención a esta circunstancia. Pero Estados Unidos ven de establecer un mecanismo



regulador para que os produtos que o soliciten poidan facer constar que son «non modificados xeneticamente».

Alguns defensores dos transxénicos reiteraron repetidamente a ausencia de riscos significativos na utilización de plantas resistentes a antibióticos. Finalmente, o Parlamento Europeo, prestando ouvidos a expertos en antibióticos, acordou eliminar de aquí ó 2005 as sementes modificadas que conteñan estes xenos.

Na Unión Europea autorizáronse 18 sementes de plantas modificadas xeneticamente, pero en Xuño do ano 99 acordouse suspender novas autorizacións por un prazo mínimo de dous anos.

O Estado español é o primeiro importador europeo de millo transxénico e o segundo de soxa, con 25000 hectáreas cultivadas con este millo o ano pasado.

Galicia ten autorizado ensaios de campo con el, pero no País Vasco e outras comunidades existen moratorias para os cultivos transxénicos, como en varios estados europeos.

Monsanto anunciou a retirada do xene «terminator» que impedía a xerminación das sementes, en Francia apareceu unha interprofesional de «soxa do país» libre de modificacións xenéticas, Rio Grande do Sul (Brasil) declarou zona libre de transxénicos e o seu Goberno notificou e destruíu -ou clausurou- todos os cultivos experimentais de transxénicos. Valla estes e os anteriores exemplos dos avances na loita contra a biotecnoloxía das multinacionais como indicio de que é posible gañar a batalla, aunque non sexa asunto fácil.

A biotecnoloxía xenética é en si mesma perigosa e en mans das multinacionais, interesadas nos seus propios beneficios, convértese nunha arma susceptible de socavar ata límites insospeitados os dereitos individuais e colectivos. É o momento de facelos valer, é o momento de opoñer á arrogancia das multinacionais o peso das sociedades organizadas e conscientes do seu poder: a crise para os alimentos transxénicos empezou, de todos e todas nós depende agudizala. Etiquetados os alimentos que conteñan organismos modificados xeneticamente, é posible optar polos libres deles. ¿Quen cultivará plantas modificadas se non ten comprador para elas?

NOTA: O dossier publicado por Edicións Fouce pode ser solicitado ao SLG, a FEG ou ADEGA, ao prezo de 1000 pts.



O-Dezaseis

• Casa de Xantar •

Rúa de San Pedro, 16
Teléfonos
981 564 880 • 981 577 633
15703 Compostela



O-Dezaseis

• Casa de Xantar •

PARQUE EÓLICO DE AMEIXEIRAS (COTO DE ZOBRA) E TESTEIRO

ONDE OS VECIÑOS NON PODEN FACER UNHA CORTE PARA O GANDO, A XUNTA PERMITE
PARQUES EÓLICOS E LIÑAS DE ALTA TENSIÓN

As serras do Candán e Testeiro, con picos como S. Bieito, Coco, Testeiro e Uceiro por enriba dos 900 m no Macizo Central galaico, cunhas 15.000 hectáreas, situase entre as provincias de Ourense e Pontevedra, concellos de Lalin, Irixo, Beariz e Forcarei. A parte correspondente a Pontevedra está catalogada pola Xunta de Galicia para ser incluída dentro da Rede Natura 2000 e a pertencente a parroquia de Zobra, concello de Lalín, está catalogada no Plan Xeral de Ordenación Urbana como Parque Natural con aproximadamente 2800 hectáreas, propiedade de 52 comuneiros de Zobra e algúns particulares. Na actualidade estanse dando os pasos encamiñados á instalación dun parque eólico de grandes dimensións e unha liña de alta tensión (LAT) que interconecte este co da serra do Candán.

Onde os veciños non poden facer unha corte pró gando ou unha casa pola declaración como Parque Natural, a Xunta non ten escrúpulos en permitir un parque eólico de grandes dimensións e tremendo impacto paisaxístico coa súa correspondente LAT, accesos e posiblemente varios encoros no río Deza.

GAMESA, a empresa promotora do

parque eólico, despois de varias tentativas para dobregar ós propietarios dos montes, recorre agora á vía de expropiación por utilidade pública e pretende facerse con 8'5 hectáreas por 60 pts/m², e un aluguer de 30.000 pts por aeroxenerador e ano. Se antes os comuneiros non pasaron por ofertas superiores, non van aceptar polas boas unha imposición deste tipo cando cunha simple repoboación forestal sacarían uns beneficios superiores e sen sufrir o impacto medioambiental provocado polo parque eólico e sen perder a propiedade dos terreos.


Os prexuízos do parque exténdense á imposibilidade de crear unha TECOR para actividades cinexéticas, non favorecería o turismo rural incipiente na zona, provocaría un influxo negativo na apicultura (de todos é coñecida a repercusión da enerxía eléctrica no aumento da agresividade das abellas e a diminución na produción do mel), aparte do impacto visual e repercusión na fauna. A LAT de recente construción que cruza a serra do Candán electrocutou a derradeira parella de moucho real que vivía nas devesas de Ameixeiras.

A Comunidade de Montes Veciñais en

Man Común de Zobra (Lalin) pide que se avalien todos estes prexuízos. Pola contra, a Xunta, aproveitando a desorganización xeral do rural e o abandono das áreas onde precisamente os ventos son máis fortes, lexisla a favor das grandes empresas como GAMESA.

Esta empresa espera sacar uns beneficios de 1600 millóns por ano e incluso duplicar dita cantidade se cambia os aerogeneradores de 660 kw por outros de 1200 kw. As empresas grandes son polo xeral as que menos ofrecen. En Tarifa chégase a pagar 1.200.000 Pts por torre e ano. IBERDROLA, que participa tamén en GAMESA, oferta unha media de 200.000 pts torre. O kw de enerxía eólica está subvencionado con 4'5 pts. Con un funcionamento de 28% de horas anuais -polo xeral en Galiza supérase amplamente este promedio- cada torre de 600 kw pode supoñer un ingreso bruto de 14.000.000 de pts. Aínda que o custo dunha torre atinxise os 84.000.000 de pesetas, as fortes axudas coas que contan os promotores rebaixan considerablemente esta cantidade. Probablemente haberá que cambiar todos estes datos o día que non se subvencione a enerxía eólica e se liberalice o mercado do kilovatio.

En definitiva, a presión sobre os propietarios dos montes é tremenda, dados os intereses que estan en xogo. Os poderes legais e fácticos alíanse co diñeiro para roubarlle os terreos ós seus lexitimos donos e facer negocios da fábula sin valorar o custo social que supón a proliferación indiscriminada de instalacións deste tipo en sitios que deben preservarse no seu estado natural. A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Zobra que non faría se recibise as subvencións que con tanta xenerosidade se lle ofrecen a empresas como GAMESA: repoboacións forestais, gandería de montaña en rexime de liberdade, desenrolo dunha apicultura de calidade, turismo rural, etc., actividades todas que axudarían a fixar a poboación da zona e contribuírían a unha relación do home co medio máis sustentábel.



Ramiro Recousó

INCENDIO NO VERTEDEIRO DE SOGAMA

A finais de xuño, un forte incéndio afectou ao vertedeiro de SOGAMA en Cerceda, un episodio mais que se ven a sumar aos vertidos de augas contaminantes denunciados ao longo destes anos, e que pon de manifesto o carácter antiecolóxico desta empresa que xestiona un vertedoiro incontrolado.

BERNARDO GARCÍA NOVOA
(ADEGA-O CARBALLIÑO)

INCINERACIÓN

PROXECTO PARA QUEIMAR NEUMÁTICOS NA FÁBRICA DE CEMENTOS DO OURAL

A fábrica de Cementos do OURAL, pertencente ao grupo portugués CIMPOR e ubicada na parroquia de San Sadurniño do Concello de Sárria (Lugo), vén de presentar un proxecto para utilizar neumáticos usados como combustíbel na fabricación de cemento, curiosamente despois de que un proxecto similar lle fose rexeitado en PORTUGAL.

O estudo de impacto ambiental presentado á información pública, -realizado, coma todos, por encargo-, empeza sinalando os graves problemas que xeran os neumáticos nos vertedoiros, desde a imposibilidade

de comprilos até os fumes tóxicos (metais pesados, óxidos de xofre, óxidos de nitróxeno, benceno e compostos aromáticos policíclicos, dioxinas, furanos, etc.) que xeran no caso de chegaren a arder, para concluir de aí as enormes vantaxes da súa utilización como combustíbel ao permitir a súa «eliminación» e o aproveitamento da súa enorme capacidade calorífica.

Desde ADEGA pedimos, -e así o fixemos a través das alegacións presentadas-, que tal incineración non se chegue a autorizar, non só polos gases e cinzas altamente tóxicos e

canceríxenos (a doses particularmente ínfimas) que resultarían da combustión sen que de nada poda servir ningún filtro para evitalos, senón tamén porque tal incineración viría a impedir o desenvolvemento de tecnoloxías de reciclaxe. Neste sentido, a trituración de neumáticos para a súa incorporación como aditivo na fabricación de asfalto, -ao que lle confire demostradas e moi interesantes propiedades como son o da súa maior elasticidade, maior duración da capa asfáltica, maior adherencia, menor desgaste dos neumáticos, menos ruidos, etc.-, é unha alternativa a promover que, de aprobar-se a incineración de neumáticos, non podería ser desenvolvida por falta precisamente de materia prima.

Pola nosa parte, gustaríanos agardar, tanto da administración ambiental, como do resto das institucións e da opinión pública en xeral, -empezando pola dos Sindicatos presentes na fábrica do OURAL-, a mesma oposición que esta incineración de neumáticos tén xerado en Portugal.

ADEGA-LUGO



Pepe Salvadores

TREN DE ALTA VELOCIDADE OU UN AVE QUE VOA

Nesta segunda metade do mes de Xuño vén sendo noticia diaria as promesas duns e/ou as reivindicacións doutros para facer chegar a Galiza o tren de alta velocidade. Mentras tanto, continua o desmantelamento do tren convencional porque, a pesar de tanta promesa de AVE con supostas inversións máis que multimillonarias, seguen sen aparecer os 170.000 millóns de pesetas que no 1995 o Parlamento Galego por unanimidade reclamaba do Ministerio de Obras Públicas (hoxe Ministerio de Fomento) para poder poñer ao día as infraestruturas e os servizos do tren en Galiza. Para nós, a reivindicación duns camiños de ferro que podan competir co transporte por estrada, tanto de viaxeiros como de mercadorías (e que, por isto mesmo, mereza ser apoiado como alternativa ambiental) non empezan, dende logo, por ese tren de Alta Velocidade, que, ademais, se está a utilizar

por parte dalguns como cortina de fume coa que ocultar o desmantelamento ou esmorecemento programado dos servizos do ferrocarril en Galiza. Millorar as infraestruturas suprimindo pasos a nivel, implantando a dobre vía, electrificando a totalidade da rede, mellorando trazados e modernizando o material rodante para poder alcanzar velocidades medias de 120/160 km/h; completar a rede ferroviaria unindo as cidades de Lugo e Santiago, levando-a até o aeroporto de Santiago, comunicando-a cos polígonos industriais ou integrando nas vilas as estacións illadas, e implantar uns servizos de pasaxeiros e de mercadorías que resulten competitivos en calidade e prezo, son as reivindicacións que como cidadáns e ecoloxistas temos que defender para SALVAR O TREN. (Para máis información ver o caderno nº 5 de ADEGA)

ENCOROS

CONTINUA A AMEAZA SOBRE A PÓVOA E VECIÑOS DE NÁVIA

Era o ano 1951. Unha Orde Ministerial do 9 de Febreiro concedía á **HIDRO ELÉCTRICA DEL CANTÁBRICO** e á **ELECTRA DEL VIESGO** o aproveitamento con destino á produción de enerxía eléctrica de todas as augas do río Návía, propoñendo, -ademais das tres presas xa realizadas e que teñen encorado máis do 40% do seu percorrido-, a construción dun encoro de 118 Hm³ cunha presa de 73,5 metros de altura que asulagava toda a vila da Póvoa de Návía, coa súa ponte medieval e o seu castelo. No 1963, unha segunda Orde Ministerial, de 1 de xuño, modifica a concesión anterior aumentando a altura da presa até 130 metros e a capacidade do encoro até 502 Hm³. Neste mesmo ano 1963 empezan as obras de construción do túnel de desvío, a cimentación das atavías e o povoado, almacéns e talleres. Mais, a oposición veciñal á ocupación das terras, -a pesar de ser unha zona fortemente castigada pola represión da Guerra Civil-, conqueriu paralizar as obras. As empresas concesionárias seguen, sen embargo, insistindo e no 1975 presentan un novo proxecto, aínda maior: 150 metros de presa e 691,5 Hm³ de capacidade. Eran xa os tempos da transición política e tal proxecto non chegou a ser autorizado porque sinificava a desaparición da vila da Póvoa de Návía e con ela a desaparición tamén de todo o Concello como entidade local. No 1985, -co PSOE gobernando no

Estado ao cargo do Ministerio de Industria e da Confederación Hidrográfica-, sae á exposición pública un novo proxecto con dous encoros: un (o Suarna) augas abaixo da Póvoa e outro (o de Peñamil) augas arriba. Veciños e asociacións, encabezados polo Goberno municipal, volven de novo a mobilizar-se e presentan centos de alegacións ao proxecto. A estas veñen a sumar-se no 1989 o posicionamento da Diputación Provincial de Lugo e de moitos concellos da provincia e de toda Galiza. Sen embargo, -a pesar de ter argumentando a caducidade da concesión, a falla de utilidade pública, a súa non adecuación á nova Lei de Augas ou a falta dun Estudo de Impacto Ambiental-, unha Orde Ministerial do 10 de novembro do 1992 aproba inicialmente a modificación de concesión solicitada pola empresa. Desde entón, un longo contencioso administrativo ven enfrontando aos veciños, -representados polo concello-, e ás empresas concesionárias, contencioso do que vén de resultar unha recente sentenza de outubro do 1999 da Audiencia Nacional totalmente favorábel aos intereses eléctricos negando a caducidade da concesión do 1951, dando validez á declaración de utilidade pública desta primeira concesión e declarando non aplicábel o procedemento de competencia da Lei de Augas. Declara, ademais, innecesaria a tramitación dun Estudo de Impacto Ambiental (por teren-se iniciado



as obras moito antes da entrada en vigor do Real Decreto 1302/1986, de Avaliación de Impacto Ambiental) e nega toda autoridade á Declaración de Impacto Ambiental ao admitir que, aínda sendo negativa, pode o órgano sustantivo contradicir e corrixir tal Declaración.

En suma, todo un exemplo, por parte dos xuíces da Audiencia Nacional, de insensibilidade ambiental e social, nun momento no que as Directivas Europeas empezan a recoñecer a necesidade de conservar o estado natural dos ríos.

Mentras tanto, o concello perde aceleradamente povoación, a vila da Póvoa esmorece, e cada día son menos as forzas e os ánimos cos que enfrontar-se ao poder dunhas eléctricas que aquí, -como no Umia ou no Sela, no Xistral ou no Candán-, tratan de disfrazar de utilidade pública o que non é máis que lucrativo negocio privado. Contra tanta prepotencia, unir todas as sensibilidades en apoio do recurso presentado polo Concello de Návía é hoxe a nosa única forza.

TAMPÓNS TÓXICOS

ADEGA DENUNCIA QUE ALGUNHAS MARCAS DE TAMPÓNS CONTEÑEN SUBSTANCIAS PERIGOSAS PARA A SAUDE

As profesoras Donna C. Boisseau y Stephanie C. Baker, axudantes do Dr. B.S. Katzenellenbogen do Departamento de Bioloxía Molecular da Universidade de Illinois (USA), divulgaron a noticia de que as marcas de tampóns máis coñecidas no mercado (Tampax, Playtex, O.B., Kotex) inclúen na súa composición substancias que producen o chamado *shock* tóxico.

Como exemplo, o asbesto, substancia que produce un maior sangrado na muller, o que se traduce nunha maior ganancia para a empresa que se lucra a costa do dano alleo ó

aumentar o consumo de tampóns. Tamén o raión e a dioxina, substancias altamente tóxicas e que se desprenden facilmente en contacto coa vaxina, ademais da contaminación do medio ambiente que leva aparelada a súa eliminación debido a que a dioxina é acumulativa e lenta na súa desintegración.

Na industria do tampón están convencidos que nós como mulleres necesitamos produtos descolorados co fin de ver un produto puro e limpo. O problema é que a dioxina empregada neste proceso de descolorado pode traer problemas moi serios tanto á

muller como ó home, pois foi asociada á endometriose e ó cancro, e é tóxica para os sistemas inmunitarios masculinos e femininos orixinando no home baixos contidos de esperma.

Ademais de denunciar a situación, ADEGA quer propor unha alternativa, que sería a elaboración de produtos da hixiene feminina non descolorados e elaborados completamente en algodón, o que contribuiría a preservar a saúde de homes e mulleres e a coidar o noso planeta ó ser o algodón un material cen por cen reciclable.

Afortunadamente xa hai compañías, nos países máis avanzados de Europa que fabrican este tipo de tampóns como: Organic Essentials e Terra Femme. Confiamos na túa intelixencia e o teu desexo do ben común.

ADEGA-CORUÑA

CARBALLO ENANO
DO PINDOPOSÍBEL EXTINCIÓN
TRAS O INCÉNDIO
QUE ARRASOU A
ZONA. ADEGA
SOLICITOU MEDIDAS
URXENTES DE
CONSERVACIÓN

O Carballo Enano (*Quercus lusitanica* = *Q. fruticosa*) é unha planta de porte arbustivo. A súa área de distribución na península Ibérica límitase ás serras de Cádiz, algún punto no sur de Portugal, serras cercanas a Lisboa e unha zona moi restrinxida do macizo do Pindo, no concello de Carnota. Polo tanto a súa presenza en Galiza é totalmente excepcional. A súa distribución está condicionada entre outras cousas pola existencia dun clima temperado, con veráns secos e invernos húmidos, condicións que se dan no Pindo, onde a comunidade florística do carballo enano mostra características únicas. Esta zona está incluída na Rede Natura 2000 (Carnota-Caldebarcos-O Pindo), sendo a presenza do Carballo Enano un dos motivos de incluír o Pindo neste inventario.

O pasado mes de marzo un incendio arrasou a zona. Comprobouse que todos os pes de carballo enano están queimados e é posíbel que mortos, o que suporía a extinción de Galiza dunha especie de especial importancia e interese no contexto ibérico. En caso de ser posíbel a recuperación, esta vai ser moi

CUIÑA DIXO NON Á
MINICENTRAL DO SAR

En Xullo do 99 saíran a exposición pública as solicitudes de aproveitamento hidroeléctrico do Sar. Asociacións, Concellos, veciños/as,... presentaran alegacións. Despois constituíuse unha Plataforma pola Defensa dos Ríos Sar e Roxos, que veu, con éxito, recabando apoios para que non se construíra a minicentral e se sanease o río. Súbóse que Saúde Pública emitira un informe desfavorable ó proxecto, que Patrimonio requería datos que non constaban, que Medio Ambiente Natural propoñía modificacións substanciais. Pero non se emitía a Declaración de Efectos Ambientais e seguía sen producirse a resolución de Augas de Galicia, cando, para outras da mesma época, xa existía. Por fin, a finais de Xuño 2000, o Conselleiro de Política Territorial e Obras Públicas saía na Prensa dicindo que non se construíra a minicentral «nin de broma» e que estaba a xestionar investimentos para ampliar a Depuradora de Santiago, insuficiente neste momento, e, por tanto, indirectamente responsable do deterioro da calidade das augas do Sar. ¿E a Consellería de Medio Ambiente? Continúa en silencio.

lenta, e pasarían posibelmente décadas en ter unha poboación viábel, no caso de que as condicións a partir de agora foran óptimas, para o que sería precisa unha protección estricta da zona. Nos anos anteriores plantáronse eucaliptos e pinos na zona (en áreas xa antes queimadas) sen ter en conta o interese botánico e ecolóxico nen os usos actuais do solo. Por outra banda, a carón da zona ensanchouse outra pista por parte do concello, que puido afectar aos carballos enanos, aparte de constituir unha gran agresión en si mesma.

Por todo isto, ADEGA solicitou da Consellería de Meio Ambiente a protección inmediata do lugar, o establecemento dun plan de uso e xestión dos recursos naturais que leve aparelado un plan de recuperación do carballo enano. Para iso compre eliminar totalmente do macizo do Pindo pinos e eucaliptos, e correxir outros impactos ambientais, de tal xeito que os usos sexan compatibles coa conservación dos recursos do lugar. Asimesmo, ADEGA solicitou do Consello Galego do Meio Ambiente a realización dun informe sobre o tema.

AXENDA LOCAL 21

SANTIAGO, UN DOS PRIMEIROS CONCELLOS
GALEGOS ADERIDO A CARTA DE AALBORG

O Concello de Santiago aprobou o 27 de abril a súa adhesión à Carta de Aalborg (carta das cidades europeas cara a súa sustentabilidade), co que se converte nunha das primeiras cidades galegas en adquirir compromisos medioambientais (xunto con Pontevedra e A Coruña).

O Concello asume deste xeito os criterios de desenvolvemento urbano sustentábel que se aprobaron en Aalborg, Dinamarca, en 1994 no marco das políticas medioambientais da Unión Europea.

As cidades firmantes da Carta compromenten-se a considerar as necesida-

des do concello en función da dispoñibilidade de recursos naturais e a poñer todos os medios ó seu alcance para solucionar os problemas medioambientais que afecten à cidade a través da súa integración nos plans europeos de actuación local a longo prazo cara a viabilidade (proceso Axenda Local 21).

Para fixar compromisos realizárase en Compostela unha auditoría medioambiental que estableza os problemas máis acuciantes e as posíbeis solucións.

Entre as liñas de actuación prioritarias contempla-se o saneamento integral do municipio, que implica mellorar a rede existente, construír novos colecto-

res e ampliar a estación depuradora de Silvouta, clave para evitar a degradación do Sar e posibilitar a depuración das súas augas. En canto ós residuos, desenvolverase unha política baseada nos principios de redución, reutilización e reciclaxe.

O concello impulsará asimesmo, dacordo co disposto na Carta, a creación dun Concello de Medio Ambiente que represente a participación dos sectores cidadáns neste ámbito, co fin de implicar a todo os elementos activos da sociedade -cidadáns, empresas, grupos de interese- na concepción e posta en marcha dos plans de actuación.

UN DIA MUNDIAL DO MEIO AMBIENTE REIVINDICATIVO



Diferentes organizacións ecoloxistas, sociais e políticas convocaron o pasado 4 de xuño, con motivo da celebración do Día Mundial do Meio Ambiente, unha manifestación nacional en Caldas de Reis, que reuniu varios milleiros de persoas. O folleto divulgativo comezaba da seguinte forma: «Son numerosos os problemas ambientais que aqueixan ao Planeta, e no noso país temos abondosos exemplos. Chamamos a atención sobre algúns que requiren unha solución urxente, sen esquecer outros moitos que tamén merecen a nosa solidariedade. Manifestámonos este ano en Caldas de Reis, porque a luita dos povos de Caldas, Cuntis e Moraña contra a construción dun encoro ilegal e de graves consecuencias sociais e ambientais é exemplo dun dos principais dramas ecolóxicos que coñece o povo galego en toda a súa xeografía».

Outras moitas reivindicacións sobre problemas ambientais que afectan a toda a nosa xeografía, puxéronse de manifesto con pancartas e a presenza de colectivos de afectados: infraestruturas eléctricas impactantes, encoros, minicentrales e parques eólicos; a loita pola reciclaxe e o compost, e contra a incineración; a denuncia da contaminación, en instalacións industriais como ENCE-ELNOSA, ENDESA, REPSOL, FENOSA, as liñas de alta tensión, os

depósitos do Ferrazo; a reivindicación dun transporte ecolóxico e seguro; a protección dos nosos ecosistemas e os recursos naturais; a solidariedade internacional, pola paz e o desarme, cunha mención especial a favor do povo saharauí, entre outras.

A numerosa participación, que se viu reflexada no número de colectivos afectados, procedentes de puntos tan alonxados de Galiza como O Ribeiro, Ferrolterra ou O Barco, por citar-mos algúns, foi a nota máis salientábel, que contrastou coa ausencia de líderes políticos. No remate do acto, o músico e poeta Xurxo Souto deu lectura ao manifesto conxunto, facendo fincapé na súa idea de que a ecoloxía comeza polo ser humano, e alentou a continuación da luita do povo de Caldas contra a inundación das súas terras e a ameaza do encoro, apoio e solidariedade que estendeu a outros colectivos presentes.



¿ONDE ESTAMOS?

¿IMAXE REAL OU VIRTUAL?

¿COADA DE LAVA OU COADA DE LODO?

¿EN GALIZA OU EN ZONA VOLCÁNICA?

E A BALSA DOS BARROS VERMELLLOS DE ALUMINA-ALUMINIO, NO CONCELLO DE XOVE NA COSTA LUCENSE. CADA ANO PRODUCENSE PERTO DE 500.000 TONELADAS, QUE REPRESENTAN O 85% DOS RESIDUOS INDUSTRIAIS PERIGOSOS PRODUCIDOS EN GALIZA.

A CERDEIRA BRAVA

UNHA ÁRBORE POLIVALENTE E DE CALIDADE

XACOBE FEIJOO LAMAS

A CERDEIRA BRAVA, *PRUNUS AVIUM*, É UNHA ÁRBORE DE TALLA MEDIA A GRANDE, XA QUE ACADA OS 25 M.

XUNTO COA NOGUEIRA E O CASTIÑEIRO, FORMA O TRÍO DAS FRONDOSAS AUTÓCTONAS CADUCIFOLIAS DAS QUE SE OBTENEN PRODUCCIÓNS DE MAIOR CALIDADE E VALORACIÓN NO MERCADO. Ó IGUAL CA ELAS, TEN POSIBILIDADE DE APROVEITAMENTO MIXTO DE FROITO E MADEIRA.

A súa folla é simple, alterna e caediza e o froito de tipo drupáceo, moi do gusto das aves, que axudan á dispersión da especie. Frorece na primavera ou no verán, dependendo das condicións locais.

Dende o punto de vista botánico comparte familia con outras especies silvestres galegas, abeleiras, espiños, pereiras bravas, e tamén especies domésticas de produción froiteira como maceiras ou nespereiros.

É unha clara candidata para reforestar as superficies agrícolas de máis calidade que, no actual modelo agrícola productivista, vanse abandonando pola falta de rendabilidade económica. É unha excelente opción para reincorporar esas terras ó desenvolvemento rural, á creación de riqueza estrutural.

Dende un enfoque estritamente ambiental hai que pensar que a mellor forma de manter a fertilidade dun solo de calidade, salvagardándoo para as xeracións futuras cando non se prevé nel o aproveitamento agrícola a



medio prazo, é mediante o establecemento dunha cuberta arbórea. Certamente que será diferente en función das características concretas de cada solo.

A cuberta arbórea protexe a terra da erosión hídrica e máis eólica, favorece a evolución do solo pola acción física, química e biolóxica das raíces e capitalización de materia orgánica. Recicla

os nutrientes minerais dentro do ecosistema, fixa CO₂, en fin, a cuberta arbórea xera toda unha cadea de externalidades ambientais positivas, infinitamente maiores que as que renderían esas terras abandonadas á dinámica do mato, como calquera galego pode comprobar botando unha ollada a calquera dese millón de hectárea que temos abandonadas hoxendía.

AS SILVAS E OS FENTOS: INDICADORES DUN SOLO IDEAL PARA A CERDEIRA

Dende o punto de vista ecolóxico non forma masas puras, aparece misturado cos carballos nas fragas e, en xeral, coas formacións arbóreas evolucionadas na sucesión vexetal. Cómpre de solos profundos, húmidos e ben drenados. Nesas condicións vexeta e medra con gran vigor, pero, resáltase, precisa solos de calidade.

Solos onde aparezan silvas, fentos e rexenerado de carballo indican boa fertilidade e aptitude para a cerdeira, mentres que aqueles onde estén ausentes e predominen uces e toxos serán, maioritariamente, desfavorables.

En solos rochosos, secos, empoza-

dos ou pouco profundos, con profundidade explorable polas raíces inferiores ó medio metro, ou naqueles con síntomas de degradación é mellor optar por outra especie máis frugal, por exemplo bidueiros. Vive nos solos acedos e soporta a caliza cando é de procedencias adaptadas.

Esta planta non soporta a cuberta de sombra, por iso deberase plantar a plena luz. Atura ben o frío, poidendo plantarse en calquera montaña galega, aínda que as xeadas tardías axan as frores. Isto é importante se o fin fora a produción mixta, tendo de escollerse nese caso unha variedade de froración tardía.

OS COIDADOS QUE REQUERE A CERDEIRA

Para facer unha plantación de cerdeira o primeiro é estudiamos as características do solo da finca. De non axustarse ó anteriormente dito é mellor desistir e plantar outra especie

A MADEIRA DE CERDEIRA: OUTRO ESLABÓN DO EMPREGO RURAL

Amáis do posible aproveitamento froiteiro en plantacións mixtas, a cerdeira brava produce unha das madeiras de frondosa máis apreciada.

O seu valor ven dado polas súas excelentes cualidades estéticas e tecnolóxicas, tanto como madeira maciza como en chapa decorativa e contrachapado. Especialmente valorada é a madeira da raíz cando amosa vetas decorativas características.

Emprégase na fabricación de mobles, ebanistería e tornería. Permite, por tanto, iniciar unha longa cadea de transformación, con adición de valor en cada chanzo, ó tempo que crea emprego sostido e maioritariamente rural.

máis adaptada, evitando problemas que aparecerían posteriormente.

Poderíanse plantar misturadas con carballos, bidueiros ou outras especies, ou en grupos no medio de repoboacións de coníferas naquelas situacións onde apareceran solos de maior calidade.

O número de prantas por hectárea oscilaría entre 600 e 1100. Utilizaríase pranta dun ou dous zumes, controlando a competencia herbácea e do mato os primeiros anos, así como os posibles danos de animais de caza, xa que teñen pola cerdeira unha gran quenencia.

Os coidados estarían relacionados coas tallas de formación e as podas. As tallas consisten na eliminación de dobres guías e pólas demasiado grosas ou verticalizadas. A finalidade é a formación dunha única guía.

As podas consisten na eliminación das pólas inferiores para mellorar a calidade da troza basal da árbore. Pode empezar cando a cerdeira teña 6 m de altura, podándose ata a metade do tronco, xa que a cerdeira admite podas máis enérxicas que as outras especies forestais.

Para o cultivo mixto, aquel que busca combinar producións froiteiras e madeiras, precisaríase o enxerto con púas productoras de cereixa de calidade. A produción estritamente

froiteira esixiría formulamentos agronómicos, cun uso e manexo intensivo distinto da filosofía forestal (manexos extensivos fronte a intensivos e baixo consumo de insumos).

Poderíase enxertar a partir de 2 m de altura, para obter unha troza basal de madeira de calidade. Para isto é conveniente asesorarse no viveiro, pois a cerdeira ten un comportamento bastante complexo na polinización e na interacción dos patróns e pugas, esta última pola diferenza de vigor que soen amosar nas diferentes localizacións climáticas e edáficas.

GLOSARIO

- Drupáceo: tipo de froito carnoso procedente dun só carpelo, cun óso no seu interior.
- Edáfico: relativo ó solo.
- Guía: tallo principal dunha árbore.
- Patrón: nun enxerto é a pranta que aporta o sistema reticular, ou raíces, e a porción de tallo sobre a que se enxerta a puga.
- Puga: Nun enxerto é a porción de pranta que se enxerta no patrón. Da púa saíran os froitos.
- Zume: Un período de crecemento asimilable a un ano.



PRODUCCIÓN DE PLANTA FORESTAL
Especialidade en frondosas, castiñeiro híbrido,
nogueiras, carballos, acevros
PLANTA FROITEIRA ENXERTADA
ABONOS ESPECIAIS E FITOSANITARIOS
EQUIPOS PROTECCIÓN DE PLANTAS, tesoiras,
motoserras, desboudadores,...




PROXECTOS E ENXEÑERÍA FORESTAL
Xestión de axudas Unión Europea
SERVICIOS AGROFORESTAIS
PLANTACIÓNS FORESTAIS, ROTURACIÓNS
AGRARIAS TRATAMENTOS SELVÍCOLAS,
MANTEMENTOS: limpeza, podas, abonados,
tratamentos fitosanitarios (pragas, enfermidades)

MADEIRAS TRATADAS,
postes, caselos,
cerramentos,
entitoramentos,
pasarelas, sinalamentos

A REDE NATURA

2000



BARRANCO DE OLELAS DESDE SERRA DE XURÉS.

CARLOS VALES

A PRECARIIDADE NA POLÍTICA DE CONSERVACIÓN NA GALIZA

A política de conservación da natureza na Galiza estivo até hoxe marcada pola precariedade. O número de lugares protexidos foi sempre moi escaso desde que se plantexou unha política de conservación por parte das institucións públicas nos anos 70. A título de exemplo, a comenzo da década dos anos 90 Galiza tiña protexido menos do 1% do seu territorio. E ademais os espazos naturais protexidos non obedecían a un criterio planificado e coherente de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade galegas, até o extremo de que algúns estudos demostraron que a aportación dos espazos naturais protexidos galegos á conservación de especies e grupos biolóxicos raros ou ameazados era similar ao que podería permitir calquera fracción equivalente do territorio do país elixida ao chou, sen ter en conta os seus valores naturais.

Unha situación de tan evidente precariedade podería ser achacada aos xestores públicos e, sen dúbida, a eles

non lles falla responsabilidade. Desde polo menos o ano 1977, ano no que a Universidade de Santiago de Compostela remata o *Estudio Preliminar sobre Posibles Zonas Protexidas de Galicia* e no que está rematado o *Inventario Aberto de Espacios Naturais de Protección Especial* das catro provincias galegas realizado polo ICONA, sabemos cales eran os lugares e enclaves fundamentais a protexer en Galiza desde o punto de vista da conservación da natureza. Os grupos ecoloxistas, entre outros colectivos, adicaron boa parte do seu esforzo durante décadas a denunciar as agresións e o deterioro constante a que estaban sendo sometidos estes espazos naturais que deberían estar protexidos.

Pero, ademais das posibles responsabilidades políticas directas, por deixadez, incapacidade, ou falta de compromiso co país, pensamos que hai unha serie de motivos estruturais e de fondo que axudan a explicar e a entender o por qué dunha situación tan precaria. Un deles é a estrutura da pro-

piiedade da terra e a súa distribución. En Galiza case que non existe patrimonio público e, ademais, a propiedade está moi fragmentada, de maneira que calquera espazo do territorio susceptible de ser declarado Espacio Natural Protexido ten moitos propietarios privados. Ademais, no noso país non existe unha tradición conservacionista equivalente á existente en outros países, como os anglosaxóns ou os nórdicos, de maneira que practicamente todos os pasos para protexer espazos naturais, coa única e insignificante excepción do monte Aloia, son recentes. Por fin, a baixa autoestima, o pouco aprecio que como pobo manifestamos polo propio, non favorece a toma de decisións a prol da conservación do noso patrimonio natural, de maneira que este patrimonio natural tense ido degradando, ao igual que o patrimonio etnográfico e a paisaxe, nun proceso continuo e constante, só denunciado por intelectuais, profesionais vinculados a eses ámbitos e os reducidos grupos con conciencia ambientalista emerxente.


A REDE NATURA 2000

Nese contexto, decisións recentes sentan as bases para un cambio profundo na situación da conservación da natureza no noso país. A Consellería de Medio Ambiente ven de presentar a proposta galega para a Rede Europea Natura 2000. Esta proposta supón pasar o territorio protexido a 320.000 has., algo máis do 11% do territorio galego, e dos 17 espazos naturais protexidos existentes até agora (6 Parques Naturais e 11 espazos en Réxime de

Protección Xeral), a 58 espazos, 53 considerados Lugares de Interese Comunitario e 5 ZEPAS (Zonas de Especial Protección para as Aves).

A Rede Natura 2000 é unha consecuencia da Directiva 92/43 da Unión Europea, relativa á conservación dos hábitats e da flora e a fauna silvestres, comunmente coñecida como "Directiva Hábitats". Esta Directiva do ano 1992 supón un avance sen precedentes para acometer a conservación da natureza e a biodiversidade europeas. Susténtase sobre o criterio de que

para conservar ás especies hai que conservar os hábitats (ecosistemas) nos que esas especies viven (os ecosistemas dos que forman parte), define os distintos tipos de hábitats existentes no territorio da Unión Europea, sinalando aqueles para os que é prioritario protexer mostras significativas, e compromete aos estados membros a preservar os hábitats europeos presentes no seu territorio, por medio do establecemento dunha serie de áreas protexidas que pasen a formar parte dunha rede europea de espazos naturais protexidos, a



LOCALIZACIÓN E EXTENSIÓN (EN VERDE) DOS DIFERENTES ESPAZOS INCLUIDOS NA PROPOSTA. Fonte: Consellería de Medio Ambiente.



A CONSERVACIÓN DOS ECOSISTEMAS FLUVIAIS DEBE SER UNHA PRIORIDADE OBSOLUTA

Rede Natura 2000. A plasmación en Galiza desa directiva é a que leva a definir os 58 espazos naturais aos que anteriormente facíamos referencia.

O establecemento da Rede Natura 2000 en Galiza supón un brinco de xigante na definición e establecemento dunha rede galega de espazos naturais protexidos e, como tal, debe de ser recibida como unha moi boa noticia. Non obstante, queremos chamar a atención sobre un posible exceso de optimismo, sinalando a importancia dos aspectos que aínda quedan pendentes para que nos poidamos sentir optimistas respecto ao futuro da conservación do noso patrimonio natural.

En primeiro lugar, compre non esquecer que o establecemento dunha área protexida non garante por sí so a conservación do patrimonio natural da mesma. Para eso é preciso diseñar un Plan de Xestión que garantice a conservación dos valores naturais que o espazo protexido acocha, e a súa implementación se é posible, e é preciso contar con medios materiais e humanos suficientes para posibilitar que o Plan de Xestión se cumpla, e nengún deses requisitos se dá na maioría dos espazos protexidos na actualidade. A posta en marcha dun plan de conservación da natureza e da biodiversidade implica un proceso moito máis longo e dificultoso que a mera declaración de espazos naturais protexidos.

A situación actual alértanos de até que ponto a conservación do patrimonio ambiental non está asegurada pola mera

declaración dun espazo natural como protexido. Así, a consideración de algúns espazos como paisaxes sobresaintes de interese nacional non impidiu que as súas valiosas paisaxes fosen degradadas por parques eólicos, e a existencia de Parques Naturais non evitou a construción de centrais hidroeléctricas que causan evidentes degradacións dos ecosistemas fluviais da área protexida.

UNHA MEDIDA A COMPLETAR CUNHA LEI GALEGA DE CONSERVACIÓN

Por outra banda debemos sinalar que, aínda que a nova situación en canto a espazos protexidos é moito mellor que a precedente, eso non significa que estean protexidos todos os hábitats e especies valiosos. Por exemplo, quedan fora da rede agrosistemas de gran valor etnográfico-natural, paisaxes adevesadas da Terra Chá, soutos ourensáns, etc. En definitiva, a proposta galega de lugares de importancia comunitaria é a aportación galega á rede europea Natura 2000, non é a rede completa de espazos de importancia natural de Galiza. Nese sentido, unha futura lei autonómica de espazos naturais debe permitir a definición do tipo e número de espazos naturais que, daquela sí, posibilite protexer a totalidade da biodiversidade galega.

Hai outros aspectos sobre os que consideramos pertinente chamar a aten-

ción. Un deles é que a conservación da natureza non queda garantida tan so pola existencia dos espazos naturais protexidos, se non se complementa con actuacións conservacionistas fora de tais espazos. Sendo un avance importantísimo, no caso galego, pasar a unha superficie protexida de máis do 11% do territorio, expertos en conservación teñen chamado a atención de como esa porcentaxe do territorio non garante poboacións viables para moitas especies, e como pode ser utilizado para crear na opinión pública a sensación de que con iso é suficiente, debilitando as demandas de protección de novos espazos e a adopción doutras medidas complementarias.

O establecemento de políticas de conservación fora dos espazos naturais protexidos é absolutamente imprescindible, de forma especialmente significativa no contorno xeográfico dos espazos naturais, dada a incidencia que as actuacións nesas áreas teñen sobre o medio ambiente do propio espazo protexido.

Por fin, queda pendente de deseño unha rede de corredores ambientais que permita contrarrestar o aillamento dos espazos protexidos e posibilita a intercomunicación, a través de hábitats "de calidade", entre as distintas áreas de maior valor conservativo. Nese sentido, nun país cunha rede fluvial tan ben desenvolvida como é o caso de Galiza, e onde os bosques e outros ecosistemas ribeiráns constitúen algúns dos hábitats máis diversos e ricos do noso territorio, a conservación da calidade ambiental deses hábitats fluviais debería de constituir unha prioridade absoluta na política xeral de conservación da natureza, incluíndo a paralización das actividades que degradan estes hábitats e a posta en marcha dunha política de restauración ecolóxica.

De maneira que, aludándonos coa boa nova de que a rede galega de espazos protexidos pase a contar con 58 membros, debemos ser conscientes da gran cantidade de problemas que quedan por resolver, e do enorme esforzo técnico, científico e presupostario, preciso para levar a bon porto a conservación do noso patrimonio natural.

CON MOTIVO DA PRESENTACIÓN DA PROPOSTA GALEGA PARA A REDE NATURA

ADEGA E A FEG CRITICAN A POLÍTICA CONSERVACIONISTA DA XUNTA

A ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA) E A FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA (FEG) DENUNCIARON PUBLICAMENTE A FALTA DUNHA AUTÉNTICA POLÍTICA DE CONSERVACIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS. A PROPOSTA DE ESPAZOS GALEGOS PARA A REDE NATURA 2000 É UN DOCUMENTO QUE NON GARANTE POR SI SÓ A PROTECCIÓN DOS ESPAZOS INCLUÍDOS NELA E QUE ESTÁ A SER UTILIZADA POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DE XEITO PROPAGANDÍSTICO E HIPÓCRITA, SOBREVALORANDO A SÚA TRASCENDENCIA PARA OCULTAR A ESCASEZA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE ESPAZOS NATURAIS.

Muitos dos espazos naturais incluídos na Proposta para a Rede Natura 2000, a futura rede europea de espazos protexidos creada pola Directiva Hábitats, seguen a estar ameazados por múltiples actuacións, a miúdo promovidas ou apoiadas desde o Goberno galego. É o caso, por exemplo, das serras do Xistral e da Dorsal galega e da praia das Catedrais, afectadas pola construción de parques eólicos, do sistema fluvial Ulla-Deza e dos sobreirais do Arnego, ameazados pola construción de encoros, ou da serra da Lastra, onde está previsto abrir unha nova canteira.

A inclusión dos espazos da Proposta no Rexistro de Espazos en Réxime de Protección Xeral non servirá de nada se a Consellería do Ambiente non aproveita a marxe de manobra que lle confire. Por iso, ADEGA e a FEG esixen desta Consellería unha actitude forte e decidida en defensa destes espazos naturais.

Cómpre desenvolver unha política de conservación dos espazos naturais e da fauna e a flora que mereza tal nome e faga que Galiza deixe de estar á cola da UE nesta materia. Pouco máis do 1% do noso territorio foi declarado até hoxe de protección especial e aínda non se elaborou ningún plano propio de protección de especies de fauna e flora ameazadas de extinción. Ademais dos espazos de interese a nivel europeo, é preciso protexer tamén a aqueles de interese a nivel ibérico, galego ou local.

A UE deu o primeiro paso para crear unha rede europea de espazos protexidos en 1979

coa aprobación da Directiva Aves, que creou a figura das Zonas de Especial Protección das Aves (ZEPAs). Mais de vinte anos despois, a rede de ZEPAs en Galiza segue sendo deficiente, debido á falta total de interese da Xunta por ampliá-la. En Galiza tan só hai 4 ZEPAs. As ZEPAs formarán parte automaticamente da Rede Natura 2000.

ADEGA e a FEG consideran que se

debería ampliar a superficie incluída na Proposta de Espazos para a Rede Natura 2000 e que a Consellería do Ambiente, no canto de se limitar a organizar actos mediáticos, debería desenvolver unha campaña intensa de información sobre as implicacións reais da Directiva Hábitats entre a poboación residente nos espazos incluídos na Proposta para a Rede Natura 2000.

Diversas mobilizacións puxeron de manifesto nos últimos anos a caréncia dunha auténtica política de conservación: A construción de minicentrales nas cabeceiras dos ríos, a ducia de presas para o alto Ulla, os parques eólicos en zonas de interese ambiental como o Xistral, Praia das Catedrais, Dexo e en xeral toda a liña de costa, os Montes do Testeiro, o Candán e outras serras do interior, etc (son moitos os casos onde aeroxeradores e mini-hídricas coinciden no mapa cos lugares propostos para a Rede Natura), ou a construción dun encoro no Úmia, o único dos grandes ríos sen represar, e a derradeira oportunidade para conservar un río integro, son boa mostra de que o interese pola conservación da natureza, pola protección da biodiversidade, e polo mantemento dos recursos naturais e das paisaxes propias de Galiza aínda non asentaron na Consellería de Carlos del Álamo.




Manuel Soto

A COSTA DE DEXO E O SEIXO BRANCO

O SEU INTERESE COMO MONUMENTO NATURAL

EMILIO GRAÑA MOSQUERA, AURELIO PRADO RODRÍGUEZ, LUIS GARRIDO OJÉN



O SEIXO BRANCO

O tramo de costa comprendida entre o Faro de Mera e o porto de Lorbé, abrangue as parroquias de Serantes e Dexo, localizadas no concello coruñés de Oleiros, producindo unha intrusión, entre as rías de A Coruña e Ares - Betanzos, no denominado Golfo Ártabro.

Os seus valores naturais e etnográficos, que a continuación se relatan, temos que engadir as súas impresionantes vistas e a beleza da súa paisaxe, que nos fai lembrar á Costa da Morte, e que non se repite entre Punta Frouxeira e Punta Herminia.

Xunto con estes feitos, o seu enclave dentro da moi poboada comarca das Mariñas, e a súa proximidade a un dos núcleos poboacionais máis importantes de Galicia, fan, se cabe, aumentar a importancia deste espazo.

Esta costa presenta un perfil irregular, onde se misturan zonas de altos cantís naturais, alcanzando alturas de entre 25 e 30 metros no Porto de Dexo e en Punta Torrella, con zonas de pendentes máis suaves que chegan a formar pequenas praias nas calas máis protexidas da acción do mar. Entre estas últimas cabe destacar pola súa beleza a praia de Canabal, en tempos privada, e recuperada hoxe para o disfrute público.

A Marola é a mellor representante do complexo de illas e illotes de pequeno tamaño repartidos ó longo de toda a costa, aportando así diversidade paisaxística ó conxunto. O seu nome provén de "pedra grande", e como tal serviu e serve de referencia a todos os mariñeiros do Golfo Ártabro, característica que se reflicte en ditos populares coma o de "quen cruzou A Marola, cruzou a mar toda". Outra illa senlleira é O Corval, que servira de asentamento a unha colonia de corvos mariños e que nos últimos anos estase a recuperar.

Os catro castros que atopamos no interior do Monumento Natural, fálannos do vello dos asentamentos humanos na zona, gracias á fertilidade das súas terras, á riqueza das súas augas e á beleza das súas paisaxes. Asentamentos que co transcorrer dos séculos fóronse desprazando cara ó interior na procura de zonas climáticamente máis protexidas, lonxe da costa. Isto permitiu, xunto co movemento veciñal que se opuxo á especulación producida pola explosión urbanística da década dos 70, que esta costa chegue ós nosos días practicamente inalterada.

O RELEVO

A Costa Norte do Concello de Oleiros posúe unha serie de peculiaridades e formacións xeolóxicas que lle otorgan a este espazo grande valor para o seu uso didáctico e científico.

A litoloxía dominante son os xistos, rochas metamórficas provintes da transformación de capas de sedimentos sometidos a grandes presións e temperatura, ben debido a pregamentos da corteza terrestre, ou polo propio peso dos materiais depositados enriba deles.

• Diques

Podemos atopar ademais toda unha variedade de diques, fracturas e micropregues que confiren a este espazo gran diversidade. Primeiramente temos o "Seixo Branco", un dique de pórfido granítico, que non de seixo propiamente dito, que serve de referencia a todos os mariñeiros da comarca, e é senlleiro desta zona. Observando que corta co resto das estruturas, podemos deducir que se formou con posterioridade ás rochas dominantes.

• Furnas

Da historia xeolóxica recente podemos observar nesta franxa de costa o efecto erosionador do océano sobre o cantil e do vento que formou buratos moi característicos nas rochas, ademais de evidencias da variación do nivel do mar debido a cambios climáticos, plasmados estes últimos en furnas.

As fracturas no cantil foron erosionadas, producindo un entrante na terra. Cando o nivel do mar diminuíu debido á acumulación de auga nos casquetes polares, en épocas nas que o clima se fixo máis frío, a fenda encheuse de sedimentos procedentes da erosión terrestre.

Ó subir de novo as temperaturas e subi-lo nivel do auga, o mar retira os materiais depositados, abrindo de novo o entrante. Se nos fixamos no teito das furnas veremos materiais e diferentes tamaños, formados por cantos e areas, que se consolidaron en épocas nas que o nivel do mar estaba máis baixo.

VEXETACIÓN

Este espazo natural está moi condicionado pola influencia do mar. De feito obsérvanse a grandes rasgos tres bandas ecoloxicamente ben diferenciadas, con especies vexetais e animais característicos cada unha delas: o cantil, a landa costeira e os piñeirais.

Canto máis nos acercamos ao mar aumenta a salinidade do sustrato, e o vento cargado de salitre dificulta a colonización da vexetación, queimando as follas. A este feito hai que engadir a escaseza de sustrato, pasando desde a práctica inexistencia de solo nas zonas de moita pendente no cantil, a solos delgados na landa costeira, que paulatinamente canto máis nos alonxamos do mar vanse facendo máis profundos.

• O Cantil

Dominan especies de longas raíces e caules para a procura e almacenamento de auga. Adoptan formas almofadadas para protexerse da acción do vento cargado de salitre que queima e deseca as follas. Moitas teñen tomento, pelos ou ceras na superficie de talos e follas para dimi-



CORVO MARIÑO

nuir a perda de auga por evaporación e atenua-la radiación solar. As follas e caules diminúen a súa superficie e normalmente son carnosos, ou cas follas transformadas en espiñas, cando non desaparecen totalmente. Todas estas son características comúns para adaptarse a este difícil hábitat.

As principais especies que atopamos son o Pirixel de mar (*Crithnum maritimum*), a Herba namoreira (*Armeria maritima*), e o fento mariño (*Asplenium marinum*).

• A Landa costeira

Alonxandonos do cantil, e xa en zonas onde a rocha está cuberta por un incipite solo, cada vez máis profundo na medida que nos alonxamos do cantil, aparecen dúas cinturas de formacións vexetais, primeiro un pasteiro de gramíneas resistentes ao salitre e ao vento, no que predominan

Daucus gummifera, e *Festuca rubra*. e tamén temos vulneraria (*Anthyllis vulneraria*), e Anxélica (*Angelica pachycarpa*), herba acedeira (*Rumex acetosella* subsp. *biformis*) estas dúas últimas endemismos galegos.

Nun nivel superior ocupando as pendentes, que se enfrontan ao mar temos unha toxeira-


queirugal dominado por *Ulex* e *Ericas* misturados con *Silene*, herba das doas (*Lithodora prostrata*) e vulneraria. Eiquí podemos apreciar ademais como o vento moldea as matogueiras de toxos (*Ulex spp.*) e queirugas (*Ericas*), e toman formas aborregadas para defenderse do efecto erosionador do vento.

• A arboreda

Na franxa máis interna da costa onde xa a influencia mariña é menor e os solos son máis profundos está



PORTO DE DEXO



A MAROLA

cuberta por unha zona arborada mixta de Piñeiro e Eucaliptus sometidos a explotación madeireira. Aparece un estrato arbustivo onde domina o toxo e a queiruga e atopamos tamén especies termófilas coma o trovisco (*Daphne gnidium*), Xara (*Cistus salvifolius*), e pes aillados de cerquiño (*Quercus pyrenaica*), loureiro (*Laurus nobilis*), ademais de carballo (*Quercus robur*) e castiñeiros. Nas zonas desarboladas dominan as especies de mato antes nomeadas. A aparición de especies termófilas indicannos a bondade do clima desta zona costeira, onde a influencia do océano atenúa as temperaturas e inflúe na aparición destes elementos de certo carácter mediterráneo na flora.

FAUNA

• Zona de cantil

A zona de cantil é aproveitada por infinidade de aves mariñas como pou-sadeiro e enclave para nidificar e formar colonias. Son lugares inaccesibles para meirande parte dos depredadores, e polo tanto moi seguros para criar e/ou descansar. A gaivota común ou de patas amarelas é a ave máis habitual aínda que tamén podemos atopar outro tipo de gaivotas, e coma non, corvos mariños, que incluso lle dan nome a unha das pequenas illas que atopamos perto da costa, e que soen usar coma lugar para descansar e secar as ás: O Corval.

Tense confirmada a cría de Paiño na Illa da Marola no ano 93, sendo este un dos poucos lugares de Galicia onde se ten confirmada a súa cría polo momento.

Aínda que en menor número e de paso buscando alimento ou agachadas entre as rochas da beiramar vense tamén biluricos, píllaras, gabitas,

mazaricos, todas elas aves de longo peteiro que utilizan para á búsqueda de invertebrados ocultos entre as pedras.

AVES MARIÑAS

Paiño común
(*Hydrobates pelagicus*)
Gaivota Chorona
(*Larus ridibundus*)
Gaivota clara
(*Larus argentatus*)
Gaivota patiamarela
(*Larus cachina*)
Gaivota escura
(*Larus fuscus*)
Cormorán grande
(*Phalacrocorax carbo*)
Cormorán moñudo
(*Phalacrocorax aristotelis*)
Birlurico bailón
(*Actitis hypoleucos*)
Píllara riscada
(*Areranaria interpres*)
Gabita
(*Haematopus ostralegus*)
Mazarico galego
(*Numenius phaeopus*)

OUTRAS AVES

Lagarteiro común
(*Falco tinnunculus*)
Falcón peregrino
(*Falco peregrinus*)
Andurón
(*Apus melba*)
Vencello común
(*Apus apus*)
Rabirrubio tizón
(*Phoenicurus ochuros*)
Pomba brava
(*Columba livia*)

Tamén podemos observar outras especies, que aínda que non son mariñas, gustan destes lugares para refuxiarse, buscar alimento e mesmo para criar. Neste grupo atopamos a andurión de cú branco, lagarteiro, falcón

peregrino, vencillos, rabirrubios e pombas bravas. A destacar a cría do andurón ou vencillo real (*Apus melba*), que ten a colonia estival máis importante de Galicia nos cantís cercanos ao Faro de Mera.

Xusto despois do porto de Dexo, atopamos unha serie de charcas influenciadas pola forza do mar en canto a niveis de salinidade se refire, sendo a parte máis próxima ó mar de augas salobres, xa que recibe as salpicaduras das ondas, e están colonizadas por algas mariñas, e a zona que está máis perto do manantial, de auga doce, sendo utilizada por distintas especies de paxaros para alimentarse como é a Lavaneira branca (*Motacilla alba alba*). Esta última zona, máis cercana ó manantial, tamén é utilizada por varias especies de anfibios para realizar as súas postas coma o Sapiño pintoxo (*Discoglossus galganoi*), Sapiño comadrón (*Alytes obstetricans*) e a Ra verde (*Rana perezi*), que tamén poderemos observar se nos achegamos a zonas onde hai regatos ou depresións nas que se acumule algo de auga.

Na zona de cantil, hai lugares nos que se pode acceder moi facilmente a beiramar onde, ademais das especies de aves, podemos atopar varias especies de moluscos como son os Caramuxos (*Litorina spp.*), Lapas (*Patella spp.*) e o mexillón (*Mytilus edulis*), entre outras. Varias de artrópodos, Arneirón (*Chtamalus stellatus*), Queimacasas (*Pachygrapsus marmoratus*) e mesmo algún percebe (*Pollicipes cornucopia*).

Tamen podemos observar algunha especie de equinodermos como a Estrela de mar (*Marthasterias glacialis*) e os ourizos (*Paracentrotus lividus*). Incluso, se temos algo de sorte, poderemos observar varias especies

de mamíferos mariños, como son o Arroaz e o caldeirón.

• Zona de landa costeira

Nos matos cercanos ao mar ademais de aproveitar para disfrutar dunhas excelentes paisaxes de todo o Golfo Ártabro, e mais aló, incluso até as Illas Sisargas e ata Cabo Prior, tamén imos ter a posibilidade da observar toda unha serie de animalíños que teñen nesta zona o seu medio e lugar de vida. Os mais habituais van ser pequenas aves insectívoras e granívoras coma a Chasca (*Saxicola torquata*), Papuxa do mato (*Sylvia undata*), o pimpín (*Fringilla coelebs*) o verderolo (*Carduelis chloris*), Bisbita laberca ... ademais de pequenos mamíferos (ratos de campo, toupas, coellos) e reptís que se agachan entre os rochedos e os toxos e queirugas: escancer común (*Anguis fragilis*), lagarto arnal (*Lacerta lepida*), lagartixa galega (*Podarcis bocagei*), cobra lagarteira (*Corenella austriaca*), entre outros.

• A Arboreda

Entre os que creemos mais destacabeis están os petos, tanto o peto verde coma o real (*Picus viridis* e *Dendrocopos major*), tamén os ferreiriños, a pomba torcaz, as rulas, o cuco, merlos, paporrubios, gaio (*Garrulus glandarius*). Entre os mamíferos que podemos ter a fortuna de ver están: o raposo, o porcoteixo, o porco bravo, ourizos cacho, e esquí-os.



ERVA NAMOREIRA

PATRIMONIO HISTÓRICO - ARTÍSTICO

Xunto coa riqueza desta zona en asentamentos castrexos (Subiña, As Cotoreñas, Castromán, Castro de Torrella e de Punta Roza), é de salientar a Igrexa de Santa María de Dexo, de estilo románico, que foi mandada construír polo arcebispo de Santiago, Diego Xelmírez, alá polo 1108, coma reza a lenda que atopamos na imposta que serve de arranque á bóveda de cascarón que cobre o tambor da absida. Pasou por varias remodelacións nos séculos posteriores, e sufriu un importante incendio no ano 1903, sendo reconstruída en 1991, gracias á política de recuperación do patrimonio histórico do Concello de Oleiros. Nembargantes conserva do románico a absida semicircular que preside a súa cabeceira, cuns característicos canzorros e na fachada, case completamente restaurada, a porta principal típica do románico, con dous pares de columnas sobre as que se asentaban unhas sinxelas arquivoltas decoradas con motivos xeométricos. Para os máis curiosos recoméndase a busca dunha muller mexando e un home espido.

Facendo alusión ós antigos motores económicos da zona, atopamos hórreos de tipo mariñán, caracterizados por ser de pequeno tamaño, estreitos e construídos en madeira pintada de cores chamativos. Asentados sobor de cepas de cachotería, cobertos con tella do país, chama particularmente a atención que ós pinches dos penais se lles dá forma curva.

A importancia do sector pesqueiro hoxendía para a zona queda reflexado nas bateas e no porto de Lorbé, aínda que temos que destacar pola súa singularidade e extrema beleza o porto de Dexo, asentado nun cantil na desembocadura do río da Pedra, e que utiliza un sistema de poleas, aínda en uso, para achegar as barcas ó mar.

O Monumento Natural Seixo Branco-Costa de Dexo debe ser un lugar para o disfrute de todos e todas nós, así coma unha zona de preservación do noso patrimonio natural e cultural, que deixemos en legado as xeneracións vindeiras.



FARO DE MERA



Aquagest

"Calidade da auga e do medio ambiente"



*Traballamos día a día en Galicia,
dende fai máis de 25 anos,
cos mellores recursos humanos e
tecnoloxía punta para dispor de
auga boa e suficiente,
aproveitándoa ó máximo e
devolvendoa á natureza limpa e útil*

A XESTIÓN DAS AUGAS É O NOSO LABOR



**XESTORA DE COOPERATIVAS
DE VIVENDA**

PROMOCIÓN EN:

**Santiago
Padrón
Vigo
Vilalba**

CASTELAR DE GESTIÓN, S.L.

Avda. de Lugo, 6 - baixo
15702 Santiago de Compostela
Teléfonos 981 595 077 / 981 595 061

O INTERESE BIOLÓXICO DA SÚA FLORA E VEXETACIÓN

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

SANTIAGO ORTIZ



Cytisus atlanticus, ESTA XESTA É UNHA DAS PLANTAS DE MAIOR INTERESE ENTRE LA FLORA RARA E AMEAZADA DE GALIZA.

PROBABLEMENTE UNHA DAS MAIS RELEVANTES NOVIDADES PRODUCIDAS ULTIMAMENTE EN GALIZA NO CAMPO DO MEIO AMBIENTE É A POSIBLE DECLARACIÓN DAS ILLAS ATLÁNTICAS COMO "PARQUE NACIONAL". AINDA QUE SEMELLA QUE NUN PRINCIPIO AS ILLAS A INCLUIR NO DEVANDITO PARQUE ERAN AS CIES, ONS E ONZA, LOBEIRAS E SISARGAS, PARECE QUE FINALMENTE FICOU DESVOTADA A INCLUSIÓN DESTA ÚLTIMA. CON ESTE ARTIGO PRETENDEMOS FACER UNHA PRIMEIRA AVALIACIÓN DO INTERESE BIOLÓXICO QUE ENCERRAN ESTAS ILLAS NO QUE SE REFIRE Á SÚA FLORA E VEXETACIÓN.

Desde o punto de vista fito-geográfico estas illas están situadas no sector Galaico-Portugués da Provincia Cántabro-Atlántica, dentro da Rexión Eurosiberiana, onde fan parte do chamado piso ou horizonte bioclimático termocolino que é o máis cálido da Europa atlántica. Isto conleva que a nivel de flora e vexetación estas illas sexan por unha banda tipicamente atlánticas e polo tanto presenten estreitas relacións con outras áreas atlánticas europeas, especialmente a través das costas occidentais francesas, das illas británicas e da


cornixa cantábrica. Son exemplo disto plantas como *Rumex rupestris* Le Gall ou *Rumex acetosa* subsp. *biformis* (Lange) Castrov. & Valdés-Bermejo, esta última recentemente localizada en Cornualles, e asociacións vexetais como o *Bostrychio-Halimionietum portulacoidis*, que coloniza os bordos das áreas asulagadas dos esteiros.

Por outra banda, estas illas disfrutan dunha relevante influencia mediterránea que basicamente lles chega a través da costa portuguesa. Exemplo disto son plantas como *Corema album* (L.) D. Don ou *Calendula suf-*

fruticosa Vahl subsp. *algarbiensis* (Boiss.) Nyman e comunidades vexetais como a asociación de dunas secundarias *Iberidetum procumbentis* Bellot 1968).

No que se refire á flora, o interese que presentan estas illas é moi destacable se temos en conta que os ecosistemas costeiros, nomeadamente os complexos praia-duna e os cantís, é onde, en comparación con outros medios, se acha o meirande número de plantas raras e ameazadas da Galiza. Tal e como podemos ollar na táboa 1, nestas illas podemos achar 19 especies e subespecies dun total de

S. Ortiz



pouco mais de 100 que van ser recoleitas no Libro Vermello da flora galega que está actualmente en fase de elaboración, e delas 6 (serían 7 de estar xa publicada a descripción da especie *Cytisus atlanticus*) serán recollidas na Lista Vermella do Estado Español que está tamén en fase de elaboración e no que de xeito moi estrito só se inclúen aquelas especies e subespecies catalogadas como mínimo como vulnerables de acordo cos últimos criterios da IUCN (1994).

Entre todas esas plantas destaca *Rumex rupestris*, un endemismo atlántico que vive preferentemente en cantís e do que, aparte das escasas poboacións galegas centradas sobre todo nestas illas, só se conservan algunhas poboacións na Bretaña francesa e Cornualles amais de dúas poboacións en Gales.

Un caso similar é o de *Linaria arenaria*, unha planta que vive en áreas costeiras e da que, amais das escasas poboacións galegas, existen algunhas poboacións na costa occidental de Francia.

Con todo, probablemente a planta mais emblemática destas illas é *Cytisus atlanticus*, unha xesta recentemente descuberta pois se viña confundindo con *Cytisus striatus* (Hill) Rothm., unha xesta moi común en Galiza. Coñece-se polo momento nas illas de Ons, onde están as súas mellores poboacións, e Sálvora. Polo propio feito de ser esta unha planta leñosa que pode sobardar os 2 metros de altura e por ter unha área tan restrinxida é unha das plantas de meirande interese entre a flora rara e ameazada da Galiza, se non a que mais, polo que constituirá

un dos valores biolóxicos mais relevantes do futuro Parque.

Outras plantas de interese presentes nestas illas son por, exemplo, *Centaureum scilloides* (L. fil.) Samp., *Iberis procumbens* Lange ou *Silene littorea* Brot.,

Desde o punto de vista da vexetación o interese destas illas semella menor que o da súa flora. Como corresponde á súa escasa superficie, a diversidade de habitats e, polo tanto, de comunidades vexetais non é moi destacable. De todas as comunidades vexetais probablemente as de meirande interese son, ao igual que ocorría coa flora, as dos cantís e dos complexos praia-duna con asociacións de área de distribución reducida como os pasteiros graminoides aero-halófilos da asociación *Crithmo-Armerietum pubigeræ* e a asociación halo-

casmofítica *Daucu-Festucetum pruinosæ*, ambas dúas dos cantís. Nos complexos praia-duna sobrancean pola súa área reducida as comunidades das dunas estabilizadas entre as que se poden recoñecer comunidades leñosas (*Iberidetum procumbentis*), pasteiros viva-

ces (*Violo-Silenetum littoreæ*) e pasteiros anuais (*Linario-Corynephorum canescentis*) amais dunha matogueira que coloniza os puntos mais alonxados da praia que, de entre estas illas, só poderemos achar nas Cies: o *Ulic-Coremetum albae*. De todas estas, as catro primeiras están presentes basicamente na Galiza e no Norte de Portugal mentres que as outras dúas son case exclusivamente galaicas.

As comunidades vexetais que ocupan unha meirande superficie nestas illas son igualmente de área de distribución reducida: as matogueiras de toxo e carpazas da asociación *Cisto salvifolii-Ulicetum humili*, presente nas zonas costeiras do Sul da Galiza e Norte de Portugal. Esta aparece intercalada coas matogueiras moderadamente higrófilas da asociación



TARASCA

Entremuros, 13
Compostela • Galiza

Teléfono: 981 572 154



Pepe Salvadores

ILLAS SISARGAS. REIVINDICADA A SÚA INCLUSIÓN NO FUTURO PARQUE POLOS ECOLOXISTAS, FINALMENTE NON SE TIVERON EN CONTA.

Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris.

Polo tanto, e pese á práctica total ausencia do bosque potencial que neste caso sería unha facies termófila da asociación *Rusco-Quercetum roboris*, en conxunto podemos afirmar que o valor destas illas, no que atinxe á súa vexetación, non é en absoluto despreziable se temos en conta que a meirande parte da súa superficie está colonizada por comunidades vexetais singulares que, debido á súa reducida área de dispersión, merecen ser protexidas.

Nunha valoración global pode-se dicir que aínda que moitas das espe-

cies e subespecies e asociacións vexetais destas illas están presentes noutros puntos da costa de Galiza, aquelas albergan unha representación importante da flora e vexetación do noso litoral, de xeito moi especial algunhas das plantas de meirande interese desde o punto de vista da conservación como antes vimos. Se a isto acrecentamos as vantaxes comparativas que ofrecen as illas á hora de constituir unha área protexida pola facilidade de control de visitantes, contaminación, invasións de plantas alóctonas, etc., podemos concluir que a elección das mesmas

para a constitución do Parque, aínda que posiblemente precipitada e pouco meditada pola administración, finalmente semella máis acertada do que nun principio poidese parecer ao menos desde a óptica da flora e a vexetación.

Aínda recoñecendo isto, é importante suliñar como teñen feito outros estudiosos do medio ambiente, que sería recomendable a inclusión no Parque doutras áreas costeiras continentais do entorno destas illas de similar valor ecolóxico.

TABOA 1. Especies e subespecies presentes nas illas atlánticas que están recollidas no Libro Vermello da flora galega e na "Lista Roja de la flora española", ambos en proceso de elaboración.

Especies e subespecies

Livro vermello Galiza

Lista vermella Estado español

<i>Alyssum loiseleurii</i> P. Fourn. (?)	*	*
<i>Angelica pachycarpa</i> Lange	*	
<i>Antirrhinum majus</i> subsp. <i>linkianum</i> (Boiss. & Reuter) Rothm. (?)	*	*
<i>Armeria pubigera</i> (Desf.) Boiss.	*	
<i>Armeria pungens</i> (Link) Hoffmanns. & Link	*	
<i>Asparagus officinalis</i> subsp. <i>prostratus</i> (Dumort.) Corb.	*	
<i>Chaetopogon fasciculatus</i> subsp. <i>prostratus</i> (Hackel & Lange) Láinz (?)	*	*
<i>Corema album</i> (L.) Don	*	
<i>Cytisus atlanticus</i> S. Ortiz & Rodr. Oubiña, ined.	*	
<i>Leucanthemum merinoi</i> Vogt & Castrov.	*	
<i>Leucanthemum pluriflorum</i> Pau	*	
<i>Linaria arenaria</i> DC.	*	*
<i>Mibora minima</i> subsp. <i>littorea</i> (Samp.) S. Ortiz & Rodr. Oubiña	*	
<i>Otanthus maritimus</i> (L.) Hoffmanns. & Link	*	
<i>Rumex acetosa</i> subsp. <i>bifformis</i> (Lange) Castrov. & Valdés-Bermejo	*	
<i>Rumex rupestris</i> Le Gall	*	*
<i>Scilla merinoi</i> S. Ortiz, Rodr. Oubiña & Izco	*	
<i>Spergularia australis</i> (Samp.) Prain	*	*
<i>Ulex europaeus</i> subsp. <i>latebracteatus</i> (Mariz) Rothm.	*	

TEMPOS

NOVOS



Para a defensa informativa de Galiza

Á VENDA EN QUIOSCOS E LIBRERÍAS

SUBSCRICIÓN: Rúa dos Porróns, 8 -2º · 15705 Santiago
Por teléfono: 981 557 119
Por fax: 981 557 117
Por e-mail: tempos@jet.es

REVISTA MENSUAL DE INFORMACIÓN PARA O DEBATE

ELEMENTOS ECOLÓXICOS NA OBRA DO “IRMÁN DANIEL”(I)

EMÍLIO XOSÉ ÍNSUA



PARECEU-NOS EN CERNA QUE TÍÑAMOS QUE NOS SUMAR NESTE ANO 2000, COMO TANTAS OUTRAS ENTIDADES, Á CONMEMORACIÓN DO CINCUENTA CABODANO DA MORTE NO EXÍLIO DE DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO E DECIDIMOS ADICAR-LLE VÁRIAS ENTREGAS DESTA SECCIÓN. PRETENDEMOS, AMÉN DE CONTRIBUÍR A DIVULGAR O COÑECIMENTO DA SÚA FIGURA, DEIXAR PATENTE COMO A DIMENSIÓN ECOLOXISTA E A OLLADA AMANTE SOBRE A NATUREZA TAMÉN ESTIVERON PRESENTES NA VIDA E NA OBRA DESTE PERSOIRO TAN DECISIVO E EXEMPLAR DA NOSA HISTÓRIA CONTEMPORÁNEA.

ALGUNS RETALLOS BIOGRÁFICOS

O 30 de xaneiro de 1886 nacia en Rianxo Castelao. Con dez anos cumpridos marchaba coa nai á Arxentina, para reunir-se co pai nun lugar chamado La Cruz Colorada, en plena Pampa. Que esta mudanza deixou unha pegada imborrábel no seu espírito está testemuñado nun dos relatos de **Retrincos**:

“Era eu daquela un melido rapaz de doce anos, apouvigado pola morriña das paisaxes nativas, acabadas de deixar, e pola tristura dos campos en que me vía forzado a vivir”.

Ollando as páxinas da revista *Caras y caretas*, que dirixía o caricaturista Cao Luaces, orixinario de Cervo (Lugo), foi seguramente como o neno Castelao comezou a soñar en se adicar ao debuxo e á caricatura. Cando a familia regresa a Galiza, Castelao ten 14 anos. O pai vén enriquecido e decide que o seu fillo vaia estudar o bacharelato e, máis tarde, a carreira de Medicina en Santiago: *“Fíxenme médico por amor a meu pai; non exerzo a profesión por amor á humanidade”*, escribirá con humor.

Na etapa universitária, un Castelao

aínda sen compromiso social nen ideolóxico co país, comeza a cobrar sona por mor das caricaturas que fai a profesores e compañeiros, pola súa participación na tuna compostelana e en pequenos grupos teatrais e pola publicación de portadas na revista *Vida Gallega*. En *A Nosa Terra* (nº 115, 1920), confesará, referindo-se a este período:

“Na miña primeira mocidade, dina da Casa da Troya, cando a miña alma sufría de xarampón e non pensaba máis que en saír de tuno tocando a guitarra polas rúas, fixen os primeiros dibuxos humorísticos nunha revista pra americanos. Acúsome de ser eu quen dou empezo a isas carantoñas porcas, a ises monicreques noxentos, a ise humorismo de taberna que aínda hoxe campa na mesma revista pra regalía dos licenciados da Universidade. Abafado de vergonza confésome culpable e renego da miña primeira mocidade”.

Tamén nun dos relatos de **Retrincos** explicará:

“Cando eu andaba no estudo era un mozo das romerías, bailador e divertido. Non había festa na vila, nin

nos arredores, onde non aparecese danzando como un trompo esgarabelleiro”.

Licenciado en 1908, marcha a Madrid, aparentemente para continuar estudos de Medicina. No fondo, o que lle interesa é contactar co mundo artístico da capital española. Participa no III Salón de Humoristas e obtén un grande éxito. Seguramente por imposición paterna, Castelao regresa a Rianxo e pon-se a traballar como médico por un curto espazo de tempo. Para axudar ao seu pai, candidato a alcalde polo Partido Maurista contra o cacique liberal Viturro, Castelao e outros mozos rianxeiros editan por esta época un periódico satírico: *El Barbero Municipal*.

Participará, a seguir, no movemento agrarista, concretamente na *“Liga de Acción Gallega”* que dirixía o abade Basilio Álvarez. Ingresa por oposición, no 1915, no corpo de funcionarios do Instituto Xeográfico e Estatístico de Facenda. Instala-se entón en Pontevedra coa súa muller Virxinia (casaran en 1912) e comeza a dar clases de debuxo nun instituto da cidade do Lérez, onde

coñece a Losada Diéguez. No mesmo 1916 afilia-se ás Irmandades da Fala. Castelao traballa desde entón como colaborador gráfico habitual de prensa (*Nós*, *A Nosa Terra*, *El Sol* de Madrid, *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo*...), ilustra libros, decora salóns, imparte conferencias por Galiza adiante e tamén en Madrid sobre a técnica e a arte da caricatura, traballa como escenógrafo en **Divinas Palabras** de Valle-Inclán, é membro da coral Polifónica de Pontevedra, etc. Por se fose pouco, vai xestando nos anos 16 e 17 un dos seus álbums

Académia Galega (ingresará en 1934) e edita o primeiro libro de **Cousas**. Os finais do ano 1927 son aciagos para el: está a piques de ficar definitivamente cego e a comezos do 1928 morre o seu único fillo, con trece anos de idade. Para sobrepor-se á desolación, emprende unha nova viaxe por Europa, esta vez con destino á Bretaña. Ali xuntará materiais do que será o seu ensaio **As cruces de pedra na Bretaña**, publicado en 1930 e lido nas sesións do Seminario de Estudos Galegos.


En 1929 aparece o segundo libro de **Cousas**. Elexido deputado ás Cortes Constituíntes da II República, en xuño do 31, o noso escritor vai-se decantando como un dos líderes máis sólidos e importantes do nacionalismo galego, organizado desde decembro de 1931 no Partido Galeguista. Nas Constituíntes, Castelao intervéñ en varios debates facendo unha defensa da dignidade do idioma e da cultura galegas e abordando temas

(Dereita Galeguista). Xa de volta á Terra, resulta elixido de novo deputado nas eleccións de febreiro do 36, nas que o P. G. se presentou en alianza nalgunhas circunscripcións cos partidos de esquerda na Frente Popular. O 28 de xuño do 36, Castelao, que deseñara carteis e dirixira a campaña a favor do SI, ve como se aproba en Referéndum o que ía ser primeiro Estatuto de Autonomía para Galiza da historia. El é un dos encargados de tramitar o texto plebiscitado ante as Cortes. Cando estoupa a guerra civil, Castelao está en Madrid. Libra-se así de morrer paseado polos falanxistas, como tantos amigos seus: Bóveda, Casal, Díaz Balaño, Víctor Casas, Blanco Torres...

Durante a guerra, Castelao colabora co goberno da República e con diversas publicacións dos "galegos antifeixistas", como a revista *Nova Galiza*. Reside primeiro en Valéncia e logo en Barcelona. No ano 1938, ademais de conseguir que o Estatuto galego tome estado parlamentar nas Cortes celebradas no mosteiro de Monserrat, emprende unha viaxe á U.R.S.S. para recadar axuda para a causa republicana e expór as suas estampas da guerra: **Galiza mártir e Atila en Galiza**, ambas de 1937. Viaxa asimesmo aos EE.UU., onde expón igualmente os seus debuxos sobre a guerra, edita o álbum **Milicianos** e dá máis de dúascentas charlas cos emigrantes:

"Conservo na miña man dereita o estruchamento de milleiros de mans galegas, endurecidas polo traballo e moitas amolecidas pola folganza miserable. Vin o trunfo e a derrota de moitos galegos, pero endexamais ollei a súa felicidade".

De Nova Iorque pasa a Cuba, onde recauda fondos de axuda entre a comunidade de emigrantes galegos, numerosísima na illa do Caribe. En 1939 é nomeado presidente honorario da Federación Mundial de Sociedades de Negros, en recoñecemento aos seus "*Debuxos de negros*", que só serían editados en 1970. O final da guerra e a derrota republicana impeden que poida regresar a Galiza. Permanecerá en condicións moi penosas en EE.UU. ("*Eu atópome en New York como nunha gaiola de ferro. Loito co inglés, que xa traduzo*



A FELICIDADE, LONXE DOS HOMES.

(Cousas da Vida)

de debuxos máis famosos: **Nós**.

No 1920 asume a dirección artística da revista *Nós*, e comeza a expór o mencionado álbum por todo o país. Ao ano seguinte emprende unha viaxe por Europa, pensionado para estudar a arte en países coma Franza, Bélxica e Alemaña: visita museos, monumentos artísticos, exposicións de pintura... En 1922, edita o seu primeiro libro de narrativa, **Un ollo de vidro**, e nos anos seguintes comeza a cobrar enorme popularidade mercé á súa sección de debuxos no xornal *Galicia* de Vigo, titulada *Cousas da vida*. Na crise das Irmandades do ano 22, Castelao toma partido inicialmente polas teses de Risco, anque logo se desmarca desta opción. En 1925 publica os seus **Cincuenta homes por dez réas**. No 1926 resulta eleito membro da Real

como os problemas agrários ou a emigración. Sen embargo, o auténtico cabalo de batalla da vida política de Castelao neste tempo previo á guerra civil foi o recoñecimento da personalidade diferenciada de Galiza e a consecución dun Estatuto de Autonomía. O nacionalismo de Castelao caracteriza-se polo seu carácter progresista, democrático, pacifista, anti-racista, anti-imperialista e federalista.

Desterrado en Badajoz mediante traslado forzoso polo goberno dereitista da CEDA, nos anos 34-35, Castelao publica a novela **Os dous de sempre** e comeza a escribir páxinas que logo conformarán o ensaio **Sempre en Galiza**. Viaxa unha vez máis por Europa e condena con extrema dureza a escisión do P.G. protagonizada por Risco e outros

bastante, pero que aínda non falo. Non vexo maneira de vivir. Busco e non atopo”), até que logra instalar-se en Buenos Aires (1940).

Na capital porteña impulsa a organización da comunidade galega exiliada (coa colaboración, entre outros, de Blanco Amor e Luís Seoane), pacta con bascos e cataláns un novo acordo de mútua colaboración chamado GALEUZKA (o primeiro xa se asinara no ano 1934), polemiza co galeguismo do interior (Ramón Piñeiro) e preside o Consello de Galiza (1944), un organismo onde se agrupaban deputados galegos de varios partidos como depositarios da vontade popular expresada nas urnas antes do “Alzamiento”. Precisamente en Buenos Aires estreará a súa peza teatral **Os vellos non deben de namorarse** (1940) e publicará o ensaio **Sempre en Galiza** (1944).

En 1945 asiste ás Cortes da República española no exilio en México, onde se aproba definitivamente o Estatuto autonómico galego. No 1946 é nomeado ministro polo goberno republicano no exilio, que tiña a súa sé en París e presidia Giral. Castelao, non obstante, abandona axiña o posto, desencantado polo clima de división existente entre os exiliados españois:

“Síntome soio e aillado, tanto no seo do Goberno a que pertenzo como extramuros do Goberno, metido en comercios de xentes estrañas - algunhas ilustres- as que nin para ben nin para mal lles pode interesar Galiza e a quen unha declaración dos ideais da miña vida pareceralles unha parvada”.

De regreso á Arxentina (1947), agrava-se a súa situación económica e de saúde (doenza pulmonar). Le, no que constitúe unha das súas derradeiras aparicións públicas, o discurso “Alba de Gloria” na celebración do Día da Pátria de 1948. Neste discurso fai un repaso do significado e contributo de todas as figuras que ao longo da historia traballaron por Galiza ou se enorgulleceron dela. Morrerá Castelao en 1950, aos 64 anos, na Clínica do Centro Galego, pouco despois de que saíse á rua a súa derradeira obra, titulada **As cruces de pedra na Galiza**. O seu enterro, no cemitério bonaerense da Chacarita,

foi seguramente o acto máis importante que celebrou na historia a colectividade galega emigrante. Foi Eduardo Blanco Amor o encargado de ler a oración fúnebre, na que dixo, entre outras cousas:

“Antes de Castelao podía amarse a Galiza de moitos modos. Dempois d-il tódalas fronteiras d-iste amor están acotadas. O que saia d’ilas xa non poderá chamarse de ningún xeito amante, senón de moitos, treidor. Íste é o seu testamento mudo. Non-o escribiu; volcouno, como un metal ardente, no molde da súa vida, de toda a súa vida, sin descansar un día, sin dudar un intre. Entregouse en corpo i-alma á súa terra coma unha eucaristía de carne. Por eso cando se diga no futuro, Castelao, estarase comulgando o propio nome de Galiza.”

A nova da súa morte foi controlada ao máximo pola censura franquista. Así, a Dirección Xeral de Prensa do réxime emitiu esta orde a todos os xornais sobre o tratamento que lle debían dar á noticia:

“Habiendo fallecido en Buenos Aires el político republicano y separatista gallego Alfonso Rodríguez Castelao se advierte lo siguiente: la noticia de su muerte se dará en páginas interiores y a una

*columna. Caso de insertar fotografía, esta no deberá ser de ningún acto político. Se elogiarán únicamente del fallecido sus características de humorista, literato y caricaturista. Se podrá destacar su personalidad política, siempre y cuando se mencione que aquella fue errada y que se espera de la misericordia de Dios el perdón de sus pecados. De su actividad literaria y artística no se hará mención alguna del libro **Sempre en Galiza** ni de los álbumes de dibujos de la guerra civil. Cualquier omisión de estas instrucciones dará lugar al correspondiente expediente”.*

A censura non descansou e tentou durante anos impedir que a obra de Castelao, sobre todo aquela que tiña implicacións políticas ou ideolóxicas máis directas, chegase aos lectores galegos. Sirva como exemplo o caso de varios estudos sobre Castelao elaborados por Díaz Pardo (**Galicia hoy**, 1966), Luís Seoane (**Castelao artista**, 1969) ou Alberto Míguez (**El pensamiento político de Castelao**, 1965) editados en Hispanoamérica e Franza. Foron prohibidos no Estado español e os seus autores sancionados polas autoridades franquistas, encabezadas polo daquela ministro Fraga Iribarne...



¡QUE PEQUENOS SON OS HOMES!

(Cousas da Vida)

MIGUEL A. FDEZ. LORES, ALCALDE DE PONTEVEDRA:

“EN MEIO AMBIENTE A ADMINISTRACIÓN DEBE IR POR DIANTE DA SOCIEDADE”



CERNA

con algún tipo de acordo con este concello. Para nós o de Ence é complexo. Por un lado, a lei de Costas ten-lle fixado prazo de peche ou traslado, o ano 2018, pero nos intentaremos un traslado mais rápido. O sector da celulosa e do papel é algo que nos interesa, como se recolle no programa electoral, pero a localización actual non é a adecuada.

E necesária a Lei da Ria?

A lei da ria foi utilizada como unha cuestión electoral, como se demostrou logo cando se retirou; agora propoñen unha lei para todas as rias, o que xa propuxeramos nós. En todo caso, tiñan lexislación suficiente para tomar medidas contra estas empresas, pero non as estaban tomando. Agora, se a lei vai ser mais estricte e serve para protexer un ecosistema vital para Galicia e para Pontevedra, pois ben vinda sexa.

Cal é o modelo de xestión do lixo que defende Pontevedra?

De forma pragmática, o que podemos facer agora é reducir a fracción de incineración, arrincar de Ecoembes un convenio compatíbel coa recollida selectiva da materia orgánica, selar o vertedoiro e traballar na medida do posíbel pola elaboración do compost. Isto hoxe concretárase na construción dunha planta piloto de compostaxe, dirixida aos grandes produtores de materia orgánica, mercados, Froiz, etc. Despois está a idea de construír unha planta de compostaxe comarcal, con fondos propios de Pontevedra mais fondos europeos dos concellos do arredor. En canto aos inertes, estamos estudando propostas de empresas privadas que farán a recollida, separación e reciclaxe de diferentes fraccións, tais como madeira, metais, áridos, etc.

Cál é a prioridade ambiental de Pontevedra?

O saneamento. O 80% do vertidos van directamente ao río, debido ás carências técnicas dos colectores, ás chapuzas feitas incluso nas últimas actuacións; temos por conectar toda a parte norte, o campus universitario, e por rematar o saneamento, a maior parte da depuradora está sen construír. Prevemos 700 millóns para saneamento, procedentes en parte de fondos europeos. Despois está o traslado de Tafisa; con estas medidas agardamos poder bañar-nos no río Lerez, da ponte da autoestrada para arriba. O traslado de Tafisa é custoso, pero tamén hai razóns sociais, pola conservación dos empregos.

E o peche de Ence-Elnosa?

Ence e Elnosa teñen unha actitude absolutamente prepotente, tivemos dúas conversas coa SEPI, pero non hai con quen falar; neste e noutros temas teñen unha actitude belixerante co concello. O único que está claro é que até agora non se privatizou nada, temos dúbidas de que se poda privatizar unha empresa sen contar

**A PRIVATIZACIÓN
DE ENCE DEBE
CONTAR CON
ALGÚN TIPO DE
ACORDO CON ESTE
CONCELLO**

Como van as negociacións con Ecoembes e a Xunta?

Estamos na liña de acadar todas as nosas propostas. Pensamos que o que debería importar é a calidade dos materiais recollidos e a compatibilidade do modelo coa compostaxe.

Nós non aceptamos o contedor amarelo, pero transiximos coa opción dun contedor para envases en illas de reciclaxe. Ecoembes fará-se cargo dos extracustos, en cantidades iguais ás

propostas no programa marco, pagando tanto polos contedores como polas cantidades de envases recollidas no iglú ou no contedor resto e separadas en planta de reciclaxe, polo papel e polas campañas de concienciación. O noso obxectivo era un mínimo de 55 ptas/kg pero acadaremos mais. O que non aceptaron é que podamos facer a xestión só en base ao modelo dos dous contedores Matéria orgánica-Resto e separación en planta, un modelo que realmente funciona e mais económico. A Xunta non vai financiar as plantas de compostaxe; neste sentido, o único que se acadou é que non van por pegas a plans alternativos.

Hai acordo co PSOE nesta matéria?

As dificultades son mui grandes. No primeiro borrador dos orzamentos puxemos 300 M ptas para unha planta de compostaxe, pero a proposta foi alegada non só polo PP senon tamén polo PSOE. Estamos contractualmente en SOGAMA, o da mancomunidade ten as suas dificultades, iremos dando pasos pero o tema é mui complexo.

**AGARDAMOS
PODER
BAÑAR-NOS NO
RIO LEREZ**

E a nivel de Galiza, Pontevedra está soa nesta loita con SOGAMA?

Vigo e Ferrol están na nosa liña, pero Santiago e Lugo teñen mais dúvidas. Vigo presentou un proxecto para unha planta de compost para 30.000 habitantes. A batalla das cidades está a saír ben, pero outras alcaldías deixaron-nos na estacada: de repente apareceron asinando o convenio varios concellos gobernados polo BNG. Iso non era o acordado, pero o que eu non sei é cal é a liña de fondo neste tema: acepta-se ou non se acepta a incineradora de Cerceda?, qué se vai facer ante as próximas eleccións?. A do PSOE simplemente non existe, alén da situación cómoda da Coruña.

Educación ambiental ou a acción de goberno: cal é a prioridade?

Un cidadán pode estar mui concienciado pero se non conta, por exemplo, con sistemas de recollida selectiva ben definidos, ou se vai á tenda e só atopa botellas de plástico, entón puco pode facer. Aí fallan medidas lexislativas e de xestión; a administración ten que tomar medidas a respecto da lei de envases e prohibir unha serie de envases que non sexan recuperábeis; cada vez fican menos envases retornábeis, e todo vai sendo de usar e tirar. Falla unha lexislación adecuada e o exemplo da administración; esta debe ir sempre por diante, independentemente de que a sociedade, os sectores mais concienciados deben exixir á administración que se tomen esas medidas. Por tanto son dúas cousas distintas, as dúas crean inercias, e tan importante é unha como a outra.

**O CENTRO DA
CIDADE FICARÁ
MAIORMENTE
PARA SERVIZOS E
RESIDENTES:
NISTO CONSISTE A
PEATONALIZACIÓN
BLANDA QUE
ESTAMOS A FACER**

Un día sen conches?

A cuestión do tráfico vai cada vez a peor. A solución requirirá unha reforma substancial do transporte público. Nós temos problemas de rendibilidade polo tamaño da cidade, e existen concesións de transporte por anos. Temos feito un estudo para coordinar todas estas liñas privadas, xa que un transporte público total hipotecaría as arcas municipais. Estamos co plano 2002 de calidade urbana, e a idea é facer aparcamentos disuasorios no estrarradio para a xente que acede de fora á cidade, e aparcamentos dentro suficientes para residentes; con isto pretendemos rediseñar o tráfico na cidade, evitando que se xeren tráfico de paso; este utilizará as circunvalacións e certos eixos, de tal forma que o centro ficará maiormente para servizos e residentes; nisto consiste a peatonalización blanda que fixemos na zona monumental e que iremos extendendo ao resto, aínda que de forma menos intensa. Temos que ampliar as beirarrúas, para poder andar mellor pola cidade.

Consello municipal do ambiente?

O modelo de participación cidadá está mui organizado por bairros; nalgúns eidos como o do Consello Económico-Social houbo acordo co PSOE, pero no de urbanismo e medio ambiente non se acadou o acordo. Penso que o tema de medio ambiente require que exista información, participación, entendimento e diálogo con todos os sectores; agora isto fai-se a través de asembleas e reunións nos bairros. Tamén vimos de asinar a carta de Aalborg, como un primeiro paso para traballar por unha cidade sustentábel.



- Casa típica da Terra de Montes a cabalo entre as serras do Suído e Testeiro, feita con paredes de manpostería e tellado de lousa gris de Garfián e A Candosa, no límite abrupto entre as provincias de Ourense e Pontevedra. Espacio exclusivo para encher os ollos de verdor e paisaxe e os ouvidos co son da auga do río Castro e o zoar do vento esbarrando polas lousas ou por entre as ponlas das árbores. Remanso para disfrutar e dar que contar a quen busca sosego e tranquilidade.
- Tres habitacións dobles con baño. Calefacción. Dereito a cocina. Salón Común. Xardín á beira do río. 6.000 ptas Hdb, 15.000 ptas C.C.
- Magros-Beariz (Ourense). Teléfono/Fax: 988 270 876. Email: P-barros@teleline.es

NA DEFENSA DO MAR E DA TERRA

OS PASADOS 27 E 28 DE MAIO TIVO LUGAR UNHA ACAMPADA E FESTA REIVINDICATIVA NA MARIÑA LUGUESA



Pape Salvadores


O ano pasado, como unha forma máis de denuncia contra dos primeiros parques eólicos que seguen hoxe a destruír as turbeiras do Xistral, -únicas na Península Ibérica e as máis antigas de Europa-, xuntámonos na FINCA GALEA de ALFOZ nunha acampada, con conferencias e concertos, coa intención, antes de nada, de denunciar ante a opinión pública a irreversible agresión que, -coa complicidade da Consellería de Meio Ambiente-, estaban a sufrir as sensíbeis turbeiras do Xistral e as graves consecuencias ambientais que, de seguro, iban a resultar de tal agresión. E era intención tamén daquela acampada acercar até a conciencia cidadana, empinando pola da poboación máis próxima e

polos sectores máis sensíbeis como é o da xente nova, a necesidade de conservar o imprescindible patrimonio natural e arqueolóxico da Serra do Xistral e das demais Serras Septentrionais de Galiza.

Un ano despois, a pesares das moitas alegacións presentadas e das queixas ante a Comisión Europea, a agresión ás turbeiras do Xistral continua coa aprobación de novos parques eólicos, e a estes veñen a engadirse outros novos que afectan ao máis valioso do noso patrimonio natural incluído nas propostas da **Rede Natura** (Xistral, Serra do Courel e do Orbio, Serra do Candán, Serra da Queixa, Monte Faro, Praia das Catedrais, etc.). Temos, pois, que seguir denunciando estas agresións, e tratando de implicar nesta denuncia á poboación máis directamente afectada, empezando polos sectores con máis sensibilidade cara os valores deste noso valioso patrimonio natural. Daí que, -desta vez coa colaboración das Asociacións da Zona, moi especialmente da Asociación deportiva **Os Castros**-, nos propuxeramos repetir a experiencia do pasado ano realizando unha actividade similar.

Un roteiro en barco cunha conferencia

sobre os problemas ambientais da costa; unha conferencia sobre o impacto ambiental dos parques eólicos do Xistral e da costa de Lugo e un concerto reivindicativo animado até boas horas da madrugada por A QUENLLA, OS ALCARPA, OS DIPLOMÁTICOS de MONTE ALTO, e OS PAPAQUEIXOS congregaron o día 27 a unha importante poboación da zona, -principalmente mocidade-, na defensa do patrimonio natural da costa, ameazado agora, pola instalación de parques eólicos na mesma liña de praias. Un roteiro pola praia das Catedrais e a firma dun **manifesto** en DEFENSA DO MAR E DA TERRA no mesmo contorno no que se quere emplazar un parque eólico (e no que hoxe se está a construír un restaurante totalmente ilegal) completaron as xornadas. Como poidemos comprobar, estas xornadas teñen servido para aumentar o interese da opinión pública polo patrimonio natural da costa e para incorporar as asociacións culturais e veciñais da zona a unha reivindicación cada día máis asumida por todos: a defensa do patrimonio natural público fronte ao negocio eléctrico dunhas empresas que nada teñen de servizo público.



PROTECCIÓN AOS MORCEGOS

CONCURSO DO FAPAS NAS ESCOLAS PORTUGUESAS

Em Portugal, das vinte e quatro especies de morcegos existentes, nove están en perigo de extinción. Mitos e supersticións, utilización desregulada de adubos, de grutas e minas, desflorestación, tem contribuído para o desaparecemento destes mamíferos voadores, principalmente os cavernícolas. O traballo de investigación por parte de algúns especialistas de morcegos tem-se intensificado bastante nestes últimos dez anos.

O FAPAS propuxo este ano aos *Clubes da Cegonha Branca*, que maioritariamente se encontran nas escolas, un proxecto de actividades para protexer os morcegos. Aderíronse ao proxecto noventa escolas espalladas polo País, que traballaron o tema interdisciplinarmente e con bastante interactividade, desenvolvendo accións ambientais indirectas, tais como construción de morcegos com materiais de

desperdício, inquéritos, elaboración e distribución de panfletos, calendários de mesa e bolso e trípticos, concursos de desenho, dramatizacións, cancións, poemas, exposicións, peticións escritas, e utilización da comunicación social. Tamén se realizaron accións ambientais directas: construción e colocación de abrigos para morcegos e, em algumas escolas, accións de

protección aos abrigos onde os morcegos se encontraban em hibernação.

O FAPAS acompañou os grupos de traballo, tendo distribuído aos nenos o livrinho "Pequeno Guia sobre Morcegos", com informações sobre a biología, hábitos, ameazas, algunhas medidas de protección e áreas de distribución dos morcegos de Portugal em perigo. Propocionou igualmente jornadas sobre conservación da natureza.

As tres primeiras escolas premiadas foram, respectivamente, Escola de Vinana do Castelo, Escola de Sta Maria da Feira e unha escola de Espinho. A entrega dos prêmios em xunho fíxose coincidente com a "Noite Europea dos Morcegos".

Información:

FAPAS, Rua Alexandre Herculano, 371-4º Dto. 4050 Porto.

(Tel: 02 2002472. Fax: 02 2087455).



XORNADA CIENTÍFICA SOBRE A AUGA E OS RIOS

Profesores e investigadores de diferentes universidades galegas, españolas e portuguesas participaron o sábado 17 de xuño nunha xornada científico-técnica sobre o tema A AUGA E OS RIOS, organizada na Facultade de Química da Universidade de Santiago en colaboración coas asociacións COAGRET (Coordinadora de Afectados por Grandes Embalses e Trasvases), ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) e a Coordinadora anti-encoro do Úmia.

As ponencias abordaron, en primeiro lugar, o conflito da auga na Península Ibérica hoxe: a crise dos grandes encoros e os trasvases, a nova Directiva Marco sobre Políticas da Auga na Unión Europea, as declaracións de interese xeral das obras hidráulicas, a declaración de impacto ambiental e a participación social na

planificación e na toma de decisións. En segundo lugar, fixo-se un repaso á situación da calidade das augas subterráneas, fluviais e costeiras de Galiza, abordando aspectos de contaminación e outros factores de deterioración. Por último, expuxo-se a situación dos ríos Miño e Lima, vistos desde Portugal, falou-se do Convénio Hispano-Luso para a protección e o aproveitamento das concas hidrolóxicas, e presentou-se o *II Congreso Ibérico sobre Planificación e Xestión da Auga*, que terá lugar en Porto do 10 ao 13 de novembro próximo. Este congreso constitúe unha importante cita para coñecermos as novas liñas e propostas para un uso e xestión sustentábel da auga.

Un libro recollerá os artigos e ponencias destes especialistas procedentes das universidades de Zaragoza,

Alcalá de Henares, Salamanca, Santiago, A Coruña e Tras-os-Montes e Alto Douro, Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) de Vigo, Gabinete Técnico do Val do Lima de Viana do Castelo, e da asociación April.

CONCURSO FOTOGRAFICO CERNA

Durante os meses de verán deste ano, as fotografías deste concurso estarán expostas no *acquiariungalicia*, en Ogrove. O fallo do concurso e a publicación das fotos premiadas fará-se no próximo número de Cerna.

PUBLICACOES

O MONTE COMUNAL NA GALICIA CONTEMPORANEA. UNHA HISTORIA DE RESISTENCIA

D. PEREIRA; A. MAGARIÑOS; X. MOLINA; F. ESTÉVEZ.
EDITORIAL FOUCE

Os montes en mao común son un xeito de propiedade, colectiva aínda que privada, peculiar da Galiza e de Portugal. Só no noso País aínda fican mais de 600.000 hectareas destes montes, depois dunha constante apropiación ao longo dos dous últimos séculos, que fixo que a maior parte deles pasara a maos particulares.

A súa importancia total no espazo florestal, así como a súa extensión média, que supera as 200 hectareas, fan destes montes a peza fundamental de cualquier planificación do sector que se queira facer.

A súa historia e os seus usos foron moi estudados e por tanto son ben coñecidos, mas faltan estudos



que analisen a micro-historia de cada caso concreto, e que aborden as reaccións dos veciños ante a usurpación das propiedades do común. É esta a principal aportación deste libro: son analizados casos concretos dos montes de Cuntis ou da montanha luguesa e, ademais, se estuda o

modo como o agrarismo galego encarou este problema e a loita recente de recuperación dos montes polas comunidades de veciños. É isto da mao duns autores que non son só estudiosos destes temas, senón tamén, en maior ou menor medida, protagonistas da recuperación e da búsqueda de alternativas para estes montes. (J.P.)

BOLETÍN DA FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA



A FEG ven de publicar o seu boletín nº 7, no que aborda de forma breve pero diversa, a problemática das rías e da pesca, dos espazos desprotexidos e da fauna esquecida, ou a degradación da Serra do Xistral, así como aspectos das políticas de desenvolvemento sustentábel tais como as Axendas 21 Local e o transporte. Dous artigos sobre o movemento ecoloxista e diversas actividades da FEG completan o boletín.

ECOLOXIA NO COTIDIAN E ECOLOXIA NO RURAL

GUIAS INFORMATIVAS
CONSELLO DA XUVENTUDE DE GALICIA



ECOLOXÍA NO RURAL

ADEGA e o Consello da Xuventude de Galicia veñen de reeditar a pequena guía *Ecoloxia no cotidián*, ao tempo que publican outra nova, *Ecoloxia no rural*, este adicado á diferentes aspectos ambientais da vida no campo, tais como a vivenda, os residuos, a auga e os ríos, ás árbores, ou a agricultura e gandería. Ambos os dous contan con ilustracións de Andrade e textos colectivos de ADEGA. Inclúen sendos formularios para solicitar información ambiental e presentar denuncias ou reclamacións ambientais. Poden pedir-se gratuitamente a ADEGA, agás gastos de envío.

GUIA AMBIENTALISTA

A Federación Ecoloxista Galega (FEG) publicou recentemente unha guía ambientalista de Galiza, na que se recolle unha avaliación da situación ambiental de Galiza, dos problemas globais, e das opcións ecolóxicas na vida cotidiana. A guía inclúe unha presentación do movemento ecoloxista galego, así como un directorio dos grupos galegos e outras entidades de interese ambiental. A guía pode-se adquirir de calquera dos grupos da FEG, ou dirixindo-se a esta (Apdo 949, 15700 Santiago; Tel./Fax: 981 575444, e-mail: feg@jet.es)

NOVO NÚMERO DE O BUGALLO

O Colectivo Ecoloxista do Salnés (CES) editou o n.º 17 do seu boletín *O Bugallo*. Inclúe un editorial moi crítico coas políticas medioambientais dos que nos gobernan; un artigo no que se reflexiona sobre a problemática do Bao da Lanzada e sobre a aplicación dos planos de SOGAMA; outro artigo sobre o encoro do Úmia, asinado por Ana Gómez; un detallado informe sobre a lexislación que protexe os espazos naturais galegos, elaborado por Óscar Pérez García; información básica sobre a campaña "Apadriña unha praia"; un artigo sobre astronomía, de Paco Casas; un conto sobre o país de "Pigland", o máis porco do mundo; e, por último, un traballo de divulgación sobre agricultura biolóxica, asinado por Guillermo Rodríguez Barreiro. Para solicitá-lo, escribir ao Apartado 100, c.p.36980 OGROBE. Custa 40 pesos.

ENCRUCILLADO EXIL

Solucións ao encrucillado da CERN N.º 29 (HORIZONTAIS): 1 ABSOLVA · MU · 2 MENTA · NEÓN · 3 ENO · RETNI · 4 NEZ · NEMLOD · 5 IFIXENIA · A · 6 ZARANDAS · D · 7 OC · COI · AOE · 8 TERSA · M · 9 POLA · EMEX · 10 ORÁCULO · RA.

Horizontais. 1. Revestimento externo de certos animais. Certo tipo de ácido insaturado. 2. Ao revés, mece. Deus da mitoloxía escandinava. 3. Ao revés, plano vixente nalgúns urbes galegas para a rehabilitación e dinamización dos cascos vellos. Ao revés, grupo ecoloxista galego. 4. Ao revés, sumo, reino. Matrícula, felizmente extinguida, dos vehículos de certa provincia galega. Terminación do plural no bloque occidental. 5. Ao revés, siglas dunha coaligación política catalana. Trunfo da baralla. Ao revés, tivo unha cabana moi famosa este personaxe. 6. Símbolo do carbono. Ventiño, brisa. Vocal. 7. Encontro de dúas vocais que non forman ditongo. Siglas dunha das organizacións que integran o B.N.G. Símbolo do xofre. 8. Vocal. Apelido italiano dun historiador ferrolán defensor das teses celtistas. 9. Gas nobre. Ao revés, río que desemboca en Cambados, fronte á illa da Toxa. 10. Apela. Luz da lúa.

Verticais. 1. Panoco, apampado. Cen. 2. Ao revés, inútil. Vocal. Graffa de orixe provenzal utilizada en portugués e galego reintegrado. 3. Ao revés, cova de animal. Planta gramínea. 4. Altar. Ao revés, pouca non. 5. Organización supraestatal mundial que naceu, en teoría, para a paz, e ultimamente autoriza bombardeos. Ao revés, instrumento para inmovilizar unha embarcación. 6. Nota musical. Plantígrada. Vocal. 7. Vocal. Ao revés, divindade exipcia. Ao revés, zume vexetal que ao coallar dá a goma. 8. Inspección que debe pasar periodicamente o automóbil. Non dixo a verdade. 9. Apéndice que teñen na cabeza algúns animais. Ao revés, donó. 10. Personaxe literaria procedente do mundo grego que protagoniza unha das novelas de Cunheiro. Cidade caldea citada na Biblia.

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										
10										



aquariumgalicia





acquavisión / galicia



≥ **aquariumgalicia** # 20 acuarios x 150 especies x 15.000 animais

≥ **acquavisión / galicia** # singladuras pola Ría de Arousa x visión submarina




UN MAR DE AVENTURAS

≥ **o mar**, os seus habitantes, os biomas, os hábitats das especies; os seus segredos, a exploración dun universo fascinante o alcance dos nosos ollos, das nosas mans.

Para comprender o mar, para saber un pouco máis del, para protexelo e respotalo, propoñémoste 2 aventuras, xeitos de coñecer e marabillarse co meio mariño:

01 aquariumgalicia, o primeiro gran acuario -de xestión privada- da comunidade galega, propónche participar dos seus 20 acuarios, onde representa diferentes hábitats. 150 especies diferentes con máis de 15.000 animais, a exposición 'Golfinhos no Azul' (incluída no EspacioActivo!) conforman unha área expositiva de 2.000 m2 nun entorno natural activo o pé da Ría de Arousa.

02 acquavisión / galicia, dende os seus catamaráns semisomerxibles con casco transparente, mostrarache -a 1,4 metros baixo a superficie do mar- a riqueza e espectacularidade dos fondos mariños da Ría de Arousa. Desfrutarás dunha singladura polas nosas costas, e poderás observar especies mariñas no seu hábitat natural. Asimesmo, visitarás unha batea de policultivo onde coñecerás as máis avanzadas técnicas de crianza e reprodución.



01 Tabeirón Touro



02 Buque VISIÓN I

CONTACTO > #O GROVE#pontevedra



L Punta Moreiras

T 986 73 15 15

D Reboredo

M info@aquariumgalicia.com

C 36980



L Peirao de Peralto

Caseta acquavisión / galicia

Pantalán 'acquavisión'

T 986 73 12 46